



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias

Curso Académico: 2022-2023

Control da elaboración e aprobación

Unidade/Órgano	Data de entrega ou aprobación
Comisión de Calidade do Centro	30/05/2024
Informe técnico da SCVTI	22/10/2024
Xunta de Facultade	25/11/2024
Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno	29/11/2024

Índice

1.	Introdución	2
1.1.	Compromiso da Facultade de Ciencias co desenvolvemento do SGC	2
1.2.	Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade	2
1.3.	Estrutura da Facultade de Ciencias para o desenvolvemento do SGC.....	2
1.4.	Cambios na oferta de títulos impartidos no centro.....	6
2.	Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	8
	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	8
	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-23	11
	Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24	11
	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	12
	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade	12
	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-23	23
	Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24	23
	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	24
	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade	24
	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-23	65
	Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24	65
	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	66
	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade	66
	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-2023	68
	Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24	68
	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	69
	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade	69
	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-2023	70
	Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24	70
	Directriz 6. Información pública	71
	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade	71
	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-2023	72
	Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24	72
3.	Plan de Melloras do centro	73
4.	Modificacións nos diferentes títulos	92
5.	Listaxe de evidencias e indicadores	93

1. Introducción

1.1. Compromiso da Facultade de Ciencias co desenvolvemento do SGC

A Facultade de Ciencias é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marcándose como principal obxectivo do mesmo o desenvolvemento de programas formativos (graos e másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

De acordo co Proceso PE-02 Revisión e Mellora, a análise de funcionamento do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual da Facultade. Deste xeito, unha vez analizados os resultados dos títulos (PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas) e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por parte de cada unha das titulacións do centro, correspóndelle á Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias levar a cabo unha análise global do SGC.

O equipo decanal desta Facultade adquiriu o compromiso permanente coa mellora continua da xestión administrativa e dos seus programas formativos. Para isto tamén conta coa Comisión de Calidade, órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía de Calidade do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

1.2. Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade

A finais de 2017 a Comisión de Calidade comezou a elaboración da Memoria de Calidade do Centro enmarcado no Programa Piloto de Seguimento Institucional destinado aos centros da USC que foran sometidos no 2017 ao proceso de certificación de implantación do SGC. A Memoria de Calidade dende o curso 2016-2017, recolle a información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o Plan de Melloras do Centro (revisión das accións de mellora do curso e novas propostas para o curso seguinte.

Esta Memoria de Calidade, correspondente ó curso 2022-2023, segue a estrutura do novo modelo establecido pola ACSUG. A memoria foi elaborada e aprobada pola Comisión de Calidade con data 30/05/2024 e sometida a aprobación da Xunta de Facultade o 25/11/2024.

1.3. Estrutura da Facultade de Ciencias para o desenvolvemento do SGC

Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2022-2023 abrangue a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron viventes durante o curso 2022-2023 foron:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (**GEPQI**).
- Grao en Nutrición Humana e Dietética (**GNHD**).
- Grao en Bioquímica (**GBioq**)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos (**MEPA**).

- Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (**MINSTA**).

Documentación de referencia.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC e do Manual de Procesos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

(https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0313_graos_memorias.html):

- Memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
- Memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética.
- Memoria do Grao en Bioquímica
- Memoria Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.
- Memoria Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias.

(https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/UF4fAVPi8Pt_7brsw9rzTFBmF48R4ib4ooVdNkVqKdU/1619607599/public/documents/2021-04/regulamento-rexime-interno-fac-de-ciencias.pdf)

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título, o/a Responsable de Calidade do Centro e os/as Coordinadores/as de Título. As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade:

(<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/Sczak8aEHdQ7G57qO7DB8xCGemluDqjvwTY6opnIG0/1682341840/public/documents/2023-04/manual%20sgc%20fac-ciencias.pdf>)

De seguido sinálanse tanto a composición actual como as funcións da Comisión de Calidade do Centro.

Membros da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Decano/a da Facultade de Ciencias (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Os Coordinadores de Título (GEPQI, GNHD, GBioq, MEPA e MINSTA)

Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento da Facultade de Ciencias

1 profesor/a por cada título (GEPQI, GNHD, GBioq, MEPA e MINSTA)

1 alumno/a por cada título (GEPQI, GNHD, GBioq, MEPA e MINSTA)

1 egresado/a por cada título (GEPQI, GNHD, GBioq, MEPA e MINSTA)

1 membro externo por cada título (Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, Presidente do Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia, Representante do Clúster Alimentario de Galicia, Representante Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS).

Funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

Cambios na Comisión de Calidade durante o curso 2022-23

Durante o curso 2022-2023 modificouse a composición da Comisión de Calidade do Centro xa que, con motivo das eleccións a xuntas de centro e departamentos da USC, procedeuse á actualización dos representantes do alumnado en tódalas comisións.

Reunións da Comisión de Calidade, correspondentes á presente Memoria de Calidade 2022-2023:

25 de novembro de 2022. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior
2. Informes
3. Declaración de intencións para proposta de modificación do Grao en Bioquímica
4. Declaración de intencións para proposta de novo título de Máster en Biociencias Moleculares
5. Rogos e preguntas

28 de marzo de 2023. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior
2. Informes
3. Seguimento 2021-22: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.
4. Rogos e preguntas

13 de abril de 2023. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior
2. Informes
3. Aprobación se procede do proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica
4. Aprobación se procede do proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares
5. Rogos e preguntas

21 de abril de 2023. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior

2. Informes
3. Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro
4. Aprobación se procede da modificación do manual de Procesos do Centro
5. Rogos e preguntas

16 de maio de 2023. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación se procede do Informe do Plan de Acción Titorial curso 2021-22 e do Plan de Acción Titorial curso 2022-23.
4. Aprobación se procede do Informe do Plan de Captación curso 2021-22 e do Plan de Captación curso 2022-23.
5. Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2021-22.
6. Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2021-22.
7. Rogos e preguntas.

29 de maio de 2023. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Alegacións presentadas ao proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica e respostas da Comisión de Título.
4. Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica.
5. Alegacións presentadas ao proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares e respostas da Comisión de Redacción.
6. Aprobación se procede do proxecto definitivo de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares.
7. Rogos e preguntas.

11 de outubro de 2023. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica unha vez recibido o informe previo de envío a verificación da SXU.
4. Aprobación da memoria xustificativa e económica da modificación do Grao en Bioquímica.
5. Rogos e preguntas.

22 de novembro de 2023. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
2. Informes.

3. Proposta de modificación da memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, convocatoria anual de tramitación de titulacións.
4. Proposta de modificación da memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética, convocatoria anual de tramitación de titulacións.
5. Proposta de modificación da memoria do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, convocatoria anual de tramitación de titulacións.
6. Información sobre a elaboración do Plan Estratégico 2024-2026 da Facultade de Ciencias e nomeamento da Comisión Redactora.
7. Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro 2022-23.
8. Rogos e preguntas.

1.4. Cambios na oferta de títulos impartidos no centro

Máster Enxeñaría de Procesado de Alimentos (MEPA)

Con data 11 de maio de 2022 recibíuse a comunicación desde o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC na que se indicaba que desde “a Secretaría Xeral de Universidades (SXU) comunicaron que non autorizaban a oferta do MU en Enxeñaría de Procesado de Alimentos para o curso 2022-23 ao non acadar unha media de alumnos nos tres últimos cursos dun mínimo de 20 alumnos (conforme ao establecido no Decreto 222/2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia)”. Dous días máis tarde, o 13 de maio de 2022, desde o SXOPRA recibíuse un correo confirmatorio, indicando que “Por esixencias da Xunta de Galicia foron retiradas da oferta do curso 2022/23 os seguintes títulos: P4221 Mestrado en Procesado de Alimentos”. Tendo en conta todo o anterior, desde o MEPA e desde os servizos académicos da USC procedeu a configurar a titulación como “en extinción”. Asemade, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización realizou o trámite de solicitude de revogación a partir do curso 2022-23.

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI)

No curso 2021-2022, na Xunta de Facultade, na sesión ordinaria do 5 de abril de 2022, apróbase a modificación do Grao Aberto 5USC Enxeñarías para o curso 2022-2023. Esta modificación afecta a dous aspectos: elimínase a participación do Grao en Robótica e redúcese o itinerario curricular de 90 a 60 ECTS. A modificación da memoria do Grao Aberto 5USC Enxeñarías, foi aprobada no Consello de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, pasando a denominarse Grao Aberto USC Enxeñarías. En consecuencia, a partires do curso 2022-2023 o Grao Aberto 5USC Enxeñarías pasou a estar en Extinción.

Grao en Bioquímica: modificación de título

A Comisión de Calidade do Centro propuxo, para o curso 2022-23 unha acción de mellora para levar a cabo a modificación do Plan de estudos do Grao en Bioquímica co obxectivo de adaptar a memoria do título tendo en conta, por unha banda, o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e por outra, o sinalado no Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022.

Solicitude de nova titulación: Máster Universitario en Biociencias Moleculares

A Comisión de Calidade do Centro propuxo, para o curso 2022-23 unha acción de mellora derivada da posta en marcha da acción estratéxica “4.1.1 Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora” co obxectivo de deseñar e implantar unha nova titulación de máster que complemente a formación dos graduados en Bioquímica.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Vixencia da Política de Calidade.

Durante o curso académico 2022-2023, a Facultade de Ciencias continuou dirixindo o seu esforzo e traballo á consecución da satisfacción das necesidades e expectativas dos seus grupos de interese, comprometéndose a empregar tódolos recursos técnicos, económicos e humanos dos que dispón, baixo os principios de responsabilidade, integración, participación, igualdade, orientación ao alumno, excelencia e transparencia. Estes principios continúan sendo os piares sobre os que se fundamenta a nosa política de calidade e sobre os que desenvolvemos o noso traballo.

Certificación de implantación do SGC

Durante o curso 2016-17, o Centro someteuse ao procedemento de Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, o que supuxo un profundo proceso de modificación e de revisión do mesmo, obtendo con data 25 de xuño de 2018 a certificación de implantación do SGC da ACSUG con validez ata o ano 2023. O 30 de outubro de 2018 obtivo Informe favorable de Acreditación Institucional da ACSUG e, por Resolución do 28 de xaneiro de 2019, o Consejo de Universidades declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias.

Co motivo da **Renovación da Certificación de Implantación do SGC (durante os cursos 2022-23 a 2023-24)** a Comisión de Calidade preparou toda a documentación necesaria para someterse a avaliación dunha Comisión Externa. En outubro de 2023 tivo lugar a visita da comisión e o 19 de abril de 2024 recibíuse un informe provisional en termos favorables condicionado a elaboración dun plan de melloras que se está levando a cabo seguindo as indicacións da Comisión Avaliadora e da Sección de Calidade da USC. Nese Plan de melloras contémpanse as seguintes accións de mellora e recomendacións correspondentes a esta directriz:

DIRECTRIZ 1. Política e obxectivos de calidade

AM 1.1. Modificación do fluxograma do proceso **PE-01 Planificación estratéxica** de acordo coa ficha do proceso. (acción proposta para o curso 23-24 que afecta a revisión do Manual de Procesos do SGC)

AM 1.2. Definición de indicadores para tódolos procesos do SGC do centro que permitan analizar o cumprimento dos obxectivos propostos en cada proceso. (acción proposta para o curso 24-25 que debe ser realizada coa supervisión da Sección de Calidade da USC)

AM 1.3. Establecemento de metas para tódolos procesos do SGC do centro que permitan a avaliación e análise dos resultados obtidos. (acción proposta para o curso 24-25 que debe ser realizada coa supervisión da Sección de Calidade da USC)

AM 1.5. Solicitar a Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC que leve a cabo na Facultade de Ciencias a realización dunha auditoría de calidade, co propósito de avaliar o cumprimento dos procesos do Sistema de Garantía de Calidade implantado no centro. (acción proposta para o curso 23-24 que debe ser realizada coa supervisión da Sección de Calidade da USC)

RE 1.1. Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias. (acción proposta para o curso 23-24)

RE 1.4. Solicitar á Sección de Calidade da USC unha modificación da codificación das accións de mellora para identificalas inequivocamente durante todo o seu ciclo de vida. (acción proposta para o curso 23-24 que debe ser realizada coa supervisión da Sección de Calidade da USC)

Espérase que o Plan de melloras sexa axeitado para que durante o ano 2024 poda recibirse o informe favorable definitivo e continuar posteriormente coa renovación da Acreditación Institucional da Facultade.

As accións nomeadas anteriormente co código que figura no informe provisional elaborado pola Comisión Avaliadora Externa renomearanse a partires de agora co código correspondente ao Plan de Melloras da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias e serán propostas no Plan de Melloras do curso correspondente (2023-24 ou 2024-25).

Revisións do SGC

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese, resultando aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 9 de setembro de 2011 e pola Xunta de Facultade o 15 de setembro de 2011. Posteriormente continuou o seu trámite no Consello de Goberno da universidade (7 de novembro de 2011) e o seu deseño foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia con data 30 de maio de 2012, emitíndose certificación sobre o mesmo o 13 de decembro de 2012.

O 31 de maio de 2013 a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da Universidade, aprobou unha revisión do SGC marco da USC, quedando configurado polo manual extenso, manual simplificado e o manual de procedementos, ao que a Facultade de Ciencias se adaptou o 23 de outubro do 2013. Deste xeito simplificouse a documentación de referencia, constituíndo así a primeira versión do seu Manual Simplificado do SGC da Facultade e ao mesmo tempo adscribíndose o centro ao Manual de Procesos e Procedementos Marco da USC. Nesta modificación do SGC da Facultade tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

Posteriormente (21/07/2015), xunto cunha modificación organizativa, realizase unha reordenación do sistema de indicadores e informes incluído no SGC e mais adiante, 27 de abril de 2017, unha revisión debida a cambios organizativos.

Derivado do procedemento de Acreditación institucional (2108) levouse a cabo unha maior simplificación da documentación que compón o SGC que foi aprobada o 06/04/2018 e constituíu a versión 3 do Manual de SGC. A partires desta versión e

como consecuencia dos procesos de seguimento anual, as modificacións realizadas polo centro foron debidas a cambios organizativos ou motivados pola variación na oferta académica da Facultade (versións 4 e 5 do SGC).

Como consecuencia da última modificación institucional efectuada no 2021, o centro realizou a revisión do SGC actualizando o mapa de procesos e a relación entre os procesos do sistema e as directrices FIDES-AUDIT, aproveitando ademais para levar a cabo cambios de tipo organizativo (versión 6). Esta modificación foi elaborada e aprobada polo centro no 2022 e sometida a aprobación pola USC o 27 de marzo de 2023.

Durante o curso 2022-23 a Facultade continuou coa súa política de revisión e actualización do SGC e debido a cambios normativos institucionais e a outros aspectos organizativos e de xestión (actualización, no Manual de Procesos de Procesos, das referencias a procesos institucionais e dos rexistros de evidencias) elaborouse a versión 7 do SGC que foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación do Consello de Goberno o 24/04/2023.

Co motivo da **Renovación da Certificación de Implantación do SGC** (durante os cursos 2022-23 a 2023-24) e derivado do Plan de Melloras elaborado a partires do Informe Provisional da Comisión Avaliadora Externa, a Comisión de Calidade propuxo as seguintes accións de mellora/recomendacións para realizar durante o curso 2023-24 e que se codifican nesta memoria de Calidade do seguinte xeito:

AM 1.1. → AMF2324-3: Modificación do fluxograma do proceso **PE-01 Planificación estratéxica** de acordo coa ficha do proceso.

AM 1.5. → AMF2324-4: Solicitar a Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC que leve a cabo na Facultade de Ciencias a realización dunha auditoría de calidade, co propósito de avaliar o cumprimento dos procesos do Sistema de Garantía de Calidade implantado no centro. (acción que debe ser realizada coa supervisión da Sección de Calidade da USC).

RE 1.4. → AMF2324-5: Solicitar á Sección de Calidade da USC unha modificación da codificación das accións de mellora para identificalas inequivocamente durante todo o seu ciclo de vida. (acción que debe ser realizada coa supervisión da Sección de Calidade da USC).

Plan estratéxico do centro.

De acordo co proceso PE-01, Planificación Estratéxica, a Facultade debe "Elaborar, aprobar, realizar o seguimento e actualización da planificación estratéxica do centro co fin de que lle permita establecer a súa misión e os valores baixo os que acadar a súa visión, así como aliñar a súa planificación coa política e os obxectivos xerais da Universidade de Santiago de Compostela, realizando as consultas necesarias cos diferentes grupos de interese.

Dentro do curso 2017-2018, e englobada na acción de mellora AMF1718-1 proposta para a realización do Plan Estratéxico do Centro, foi aprobada a análise DAFO na reunión da Comisión de Calidade do 9 de maio de 2018.

A acción de mellora AMF1819-1, proposta para o curso 2018-2019, estendeuse ao curso 2019-2020 (**AMF1920-1**). O motivo do retraso da elaboración do plan estratéxico da Facultade foi a inminente publicación do novo Plan Estratéxico (2021-2030) da universidade, e os obxectivos estratéxicos do centro deberán estar aliñados con algún dos que figuran no Plan Estratéxico (PE) da USC. Debido ao retraso na elaboración do plan estratéxico da USC, esta publicou o 07/10/2020 unha resolución reitoral para que os centros sen plans estratéxicos previos formularan unha Planificación Estratéxica Ponte que desenvolva as accións que serán abordadas polo centro ata 2022. A Facultade de Ciencias presentou o seu Plan Estratéxico Ponte na Comisión de Calidade do 16/12/2020, e foi aprobado na Comisión de calidade delegada do Consello de Goberno no 03/03/2021.

Co motivo da **Renovación da Certificación de Implantación do SGC** (durante os cursos 2022-23 a 2023-24) a Comisión de Calidade preparou toda a documentación necesaria para someterse a avaliación dunha Comisión Externa. En outubro de 2023 tivo lugar a visita da comisión quen, non seu informe oral, adiantou a necesidade de elaborar un novo Plan Estratéxico de centro no que basear os obxectivos e metas a acadar e os correspondentes indicadores de seguimento.

Derivado disto, e seguindo instrucións da Sección de Calidade da USC, a Comisión de Calidade do Centro acordou nomear unha comisión de traballo para a elaboración dun Plan Estratéxico que sería recollido como acción de mellora a desenvolver no curso 2023-24 no marco das liñas e obxectivos estratéxicos da USC.

Debido a isto, a recomendación **RE1.1**, que se recolle no Informe provisional da Comisión Avaliadora Externa e proposta para realizar como acción de mellora durante o curso 2023-24, codifícase nesta memoria de Calidade do seguinte xeito:

RE1.1 → **AMF2324-1**: Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade.

Evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras do Centro

Todas as accións de mellora propostas para o curso 2022-2023 foron executadas con eficacia e conseguiron os obxectivos formulados e metas propostas, comezando deste xeito un novo ciclo no que se inclúen propostas para a mellora e se seguen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-23

No Plan de melloras correspondente ao curso 2022-23 non se propuxeron accións relacionadas con esta directriz.

Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24

En relación con esta directriz e tal como foi sinalado anteriormente, a Comisión de Calidade acordou propoñer para desenvolver no curso 2023-24 as accións de mellora sinaladas anteriormente que se derivan do procedemento de **Renovación da Certificación de Implantación do SGC**:

- **AMF2324-1**: Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade. (derivada de **RE 1.1**)
- **AMF2324-3**: Modificación do fluxograma do proceso **PE-01 Planificación estratéxica** de acordo coa ficha do proceso. (derivada de **AM 1.1**)
- **AMF2324-4**: Solicitar a Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC que leve a cabo na Facultade de Ciencias a realización dunha auditoría de calidade, co propósito de avaliar o cumprimento dos procesos do Sistema de Garantía de Calidade implantado no centro. (derivada de **AM 1.5**).
- **AMF2324-5**: Solicitar á Sección de Calidade da USC unha modificación da codificación das accións de mellora para identificalas inequivocamente durante todo o seu ciclo de vida. (derivada de **RE 1.4**).

A información completa das accións de mellora amósase no apartado 3 do presente documento, Plan de Melloras do centro.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Unha vez rematado o Plan de melloras correspondente ao Plan Estratéxico Ponte da Facultade 2020-22 e non habendo referente de Plan Estratéxico da USC co que poder levar a cabo unha planificación no marco dunhas liñas estratéxicas comúns para toda a universidade, a Comisión de Calidade propuxo para o curso 2022-23 dúas accións de mellora derivadas da posta en marcha da acción estratéxica *4.1.1 Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora (AMF2223-3)* e da modificación do programa formativo (*AMF2223-4*) enmarcada no Obxectivo estratéxico “4.1 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado” do Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Ciencias 2020-22.

Coa primeira, a Facultade propúxose levar a cabo o deseño e implantación dunha nova titulación de máster para complementar a formación dos graduados en Bioquímica e coa segunda, adaptar a memoria de verificación do Grao en Bioquímica tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, e no Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC (CG do 28 de outubro de 2022).

Deseño dun novo Programa Formativo. Máster Universitario en Biociencias Moleculares

A pesares de non ter elaborado o Plan estratéxico do centro para o vindeiro período pero continuando co obxectivo estratéxico “4.1 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado” e poñendo en marcha a acción estratéxica “4.1.1 Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora” contemplados no Plan estratéxico Ponte da Facultade de Ciencias 2020-2022, o centro desenvolveu, durante o curso 2022-23, a acción de mellora **AMF2223-3**:deseño e implantación dunha nova titulación de máster que complemente a formación dos graduados en Bioquímica.

Para o deseño do novo programa formativo tívose en conta o establecido na normativa estatal, autonómica e da propia Universidade de Santiago de Compostela e mais concretamente no proceso *PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica* correspondente ao Manual de Procesos Institucionais do Sistema de garantía de Calidade da USC.

O primeiro paso para realizar o deseño e a implantación do máster foi a aprobación da proposta de declaración de intencións pola Comisión de Calidade do Centro e a Xunta de Facultade o día 25 de novembro de 2022, pero tras un período de exposición

ante os centros e departamentos, o día 13 de decembro recibíase un escrito de alegacións da Facultade de Bioloxía á proposta inicial de declaración de intencións, no que entre outras consideracións a Facultade de Bioloxía expón a creación dunha titulación intercentros froito da colaboración entre as dúas facultades, que contribuiría a garantir o éxito e potenciar as colaboracións que se prevén na xustificación da primeira proposta.

A Xunta de Facultade na sesión do 20 de decembro de 2022 propuxo aceptar a proposta de colaboración para a creación conxunta dun máster intercentros. Así mesmo, propón a aprobación dunha declaración de intencións definitiva na que se recolle de forma máis específica esta colaboración nos distintos apartados que a integran.

O Consello de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2023 aprobou a declaración de intencións do máster para a súa implantación no curso 2024/2025.

O proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 13 de abril e pola Xunta de facultade o 14 de abril de 2023.

Unha vez finalizada a fase de exposición pública a centros e departamentos das memorias dos títulos, recibíronse alegacións ao proxecto inicial da memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares, e todas as respostas da comisión redactora ás alegacións presentadas ao proxecto inicial de memoria de verificación así como o proxecto definitivo de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares foron aprobados na Comisión de Calidade do Centro e na Xunta de Facultade celebradas o 29 de maio de 2023.

O 8 de setembro de 2023 é emitido pola Secretaría Xeral de Universidades o Informe Favorable de Envío a Verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares.

Na Comisión de Calidade do Centro celebrada o 29 de maio de 2023 procedeuse a revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro 2022-23 entre as que estaba a **AMF2223-3** Deseño dunha nova titulación de máster universitario que complementa a formación dos graduados en Bioquímica, que se considerou executada pois se conseguiu a meta proposta.

Revisión e mellora dos Programas Formativos. Cumprimento das guías docentes.

Durante o curso 2022-23, e de acordo co PE-02 do Manual de Procesos de Centro, as comisións de título, supervisadas pola Comisión de Calidade do centro, levaron a cabo a revisión e mellora dos programas formativos, para garantir o cumprimento das memorias verificadas ao mesmo tempo que, tendo en conta os resultados obtidos e as necesidades dos diferentes grupos de interese, procedían a análise e avaliación das súas posibles modificacións. Un aspecto importante deste seguimento foi a aprobación e supervisión do cumprimento da guías docentes de acordo cos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas memorias dos títulos. A docencia desenvolveuse consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias.

Procedementos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe

Durante o curso 2022-23, as comisións de título, supervisadas pola Comisión de Calidade do centro, levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento dos programas formativos. Un dos aspectos máis importantes deste seguimento foi a supervisión dos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas guías docentes das materias de acordo coas memorias dos títulos. Neste senso, os coordinadores de módulo, curso e título desenvolven un traballo continuo ao longo do curso académico que periodicamente deixan reflectido en forma de informes de coordinación anexos as actas das Comisións de título. Nestes informes reflíctense todos aqueles aspectos que deben ser obxecto de análise por parte da comisión e/ou problemas aos que se lle debe dar unha solución para garantir o normal desenvolvemento do programa formativo.

A análise dos resultados de cada un dos programas formativos correspondentes aos títulos impartidos no centro descríbese no apartado seguinte (directriz 3: Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado).

✧ **GBioq: Implantación do 3º curso e modificación da memoria do título**

Durante o curso 2022-2023 continuouse coa implantación do Grao en Bioquímica co inicio do 3º curso. Coa información recollida ao longo dos catro anos do proceso de implantación farase unha valoración máis exhaustiva, na que se poderán ter en conta tódolos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa formativo.

Incidencias no curso 2022-23

O desenvolvemento da docencia do curso 2022-23 foi de maneira presencial e levouse a cabo consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias.

Modificación do Plan de estudos

As modificacións do programa formativo contempladas así como a xustificación das mesmas recóllense no apartado 5 do informe de resultados do Grao en Bioquímica 2022-23:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

“Tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022”, foi preciso levar a cabo a modificación da memoria do Grao en Bioquímica (GBQ) para adaptala ao indicado nesta normativa”.

Para realizar esta modificación levouse a cabo a acción de mellora (**AMF2223-4**) proposta pola Comisión de Calidade e enmarcada no Obxectivo estratéxico “4.1 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado” do Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Ciencias. Para o seu desenvolvemento tívose en conta o proceso institucional da USC PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica, así como os procesos PE-02 Revisión e mellora e PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas do Manual de Procesos da Facultade.

✧ **GEPQI: Seguimento do programa formativo. Novo itinerario formativo: Grao aberto.**

O Decreto 222/2011 sinala que as ensinanzas universitarias oficiais de grao deberán contar cun número anual de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 45 alumnos nos campus periféricos como é o caso do Campus Terra. O GEPQI presentou un Plan de Viabilidade por non cumprir cos requisitos antes mencionados. Neste Plan, que foi aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2015, contéplase compartir 90 ECTS nos dous primeiros cursos cos títulos de Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, tamén do Campus de Lugo.

No caso do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI), de acordo cos procesos e procedementos do SGC, aproveitouse esta circunstancia para incorporar a memoria do título tódalas modificacións non substanciais realizadas ata o momento, así como tódalas recomendacións e suxestións que ao respecto foran efectuadas pola subcomisión de avaliación no proceso de Renovación da Acreditación.

Seguimento do Plan de Viabilidade

O 30 de xaneiro de 2017 a Xunta de Facultade aprobou o autoinforme de Seguimento do Plan de Viabilidade elaborado pola Comisión de Título correspondente ao curso 2015-16. A Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade, como resultado da avaliación do autoinforme e do cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade, emitiu un Informe de Seguimento en termos

favorables con data 28 de xullo de 2017. No comezo do curso 2017-2018, o novo plan de estudos do GEPQI atopouse en fase de implantación e tódolos detalles relativos ao Plan de Viabilidade pode consultarse no seguinte enlace:

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HKI0ECKV7C7LPUh9xfSE3KDk0bgWNnZMQLetCC3IVI/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI_MEMORIA_PLAN_DE_VIABILIDADE.pdf

De acordo co Plan de Viabilidade, no curso 2017-18, estaba prevista a oferta do dobre grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A Secretaría Xeral de Universidades (SXU) non permitiu levar a cabo a implantación do dobre título polo que o desenvolvemento do Plan de Viabilidade quedou truncado.

Na publicación do “Mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia”, en outubro de 2017 o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais non estaba afectado nin por duplicidade nin por baixa demanda, como mostran os resultados reflectidos nos Informes de cumprimento do Plan de Viabilidade. Sen embargo, esta publicación tivo repercusión para o Centro e fixo necesario reflexionar máis profundamente sobre a misión da Facultade.

Grao Aberto: O 20 de novembro de 2019, a Secretaría Xeral de Universidades anunciou a posibilidade de ofertar graos abertos no SUG e as características e condicións que debían cumprir para poder ser ofertados no curso 2020-2021.

A Facultade de Ciencias, xunto coa Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, ambas do Campus de Lugo, decidiron entón ofertar o Grao Aberto 5USC Enxeñarías, no que participan os graos en Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Agrícola e Agroforestal, Robótica e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais.

A USC aprobou a memoria deste grao aberto o 22 de abril de 2020, e a Xunta de Galicia aprobou a súa implantación no curso 2020/2021. Compre dicir xa que o grao aberto completou todas as prazas ofertadas no ano da súa implantación.

No curso 2021-2022, na Xunta de Facultade, na sesión ordinaria do 5 de abril de 2022, apróbase a modificación do Grao Aberto 5USC Enxeñarías para o curso 2022-2023. Modificarase o Grao Aberto en dúas cuestións, elimínase a participación do Grao en Robótica e redúcese de 90 ECTS a 60 ECTS. A modificación da memoria do Grao Aberto 5USC Enxeñarías, foi aprobada no Consello de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, pasando a denominarse Grao Aberto USC Enxeñarías. En consecuencia, a partires do curso 2022- 2023 o Grao Aberto 5USC Enxeñarías pasará a estar en Extinción.

Incidencias no curso 2022-23:

Durante o curso 2022-23 a docencia no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais levouse a cabo consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias.

✧ **GNHD: Revisión e mellora do Programa Formativo.**

Incidencias no curso 2022-23

A docencia do curso 2022-23 desenvolveuse consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias.

Derivado da análise levada a cabo no curso anterior e cos datos do presente curso académico, a Comisión de título non considerou necesario realizar ningunha modificación do programa formativo.

✧ **MEPA: Titulación en extinción.**

Como xa foi sinalado no informe de resultados do título 2022-23 e na Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso anterior, o 13 de maio de 2022, desde o SXOPRA recibíuse un correo confirmatorio, indicando que “Por esixencias da Xunta de Galicia foron retiradas da oferta do curso 2022/23 os seguintes títulos: P4221 Mestrado en Procesado de Alimentos”.

Tendo en conta o anterior, desde o MEPA e desde os servizos académicos da USC procedeuse a configurar a titulación como

“en extinción” e a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización realizou o trámite de solicitude de revogación a partir do curso 2022-23.

Como consecuencia da eliminación do MEPA da oferta de máster de cara ao curso 2022/23, con data 21/07/2022 reconfigurouse a información dispoñible na páxina Web indicando que se trata de un título en extinción. Asemade, incluírase información adicional do decreto de revogación do título publicado no Diario Oficial de Galicia de 29 de decembro de 2022 (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221229/AnuncioG0655-211222-0004_gl.html), na mesma páxina Web cando os servizos que a xestionan o consideren oportuno.

Incidencias no curso 2022-23

De acordo co indicado anteriormente, durante o curso 2022-23, continuouse co procedemento de extinción do título de xeito normal e sen incidencias.

✧ **MINSTA: Revisión e mellora do programa formativo.**

No curso 2017-2018 levouse a cabo a implantación do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias. No curso 2022-2023, a quinta promoción realizou o terceiro semestre co desenvolvemento do programa formativo correspondente ás prácticas externas e Traballo Fin de Máster.

Xa tendo cinco promocións de egresados, nunha valoración inicial, tendo en conta tódolos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa formativo, constatouse que as guías docentes estanse cumprindo. Non se considera necesario levar a cabo modificacións do devandito programa polo momento.

Incidencias no curso 2022-23

Durante o curso 2022-23 a docencia no máster levouse a cabo consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias.

Os procedementos de coordinación implican comunicacións e reunións frecuentes entre o coordinador do máster, alumnos e profesores. As comisións correspondentes reúnense con periodicidade para garantir a calidade dos estudos.

Derivado da análise levada a cabo no curso anterior e cos datos do presente curso académico, a Comisión de título non considerou necesario realizar ningunha modificación do programa formativo.

Análise do perfil real de ingreso

A análise do perfil real de ingreso lévase a cabo a nivel de título e desenvólvese a continuación para cada unha das titulacións do centro.

✧ **Grao en Bioquímica**

Segundo os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (2504170_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf), no curso 2022-23 matriculáronse de novo ingreso na cota xeral un total de 51 estudantes das 45 prazas ofertadas, polo que a taxa de ocupación é moi elevada (113%) e contabilizando finalmente un total de 52 prazas de nova matrícula (IN03G).

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscrición de novo ingreso con 12,15 solicitudes por cada praza dispoñible (547 fronte a 45) (2504170_(L)_INF CIUG_2022-2023), cunha nota media de acceso por preinscrición de 11,79 (IN06G) o que implica que o GBioq responde con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias, complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

A meirande parte dos alumnos matriculados procedían do Bacharelato (50 dos 51 alumnos da cota xeral, 98%). Desde Formación Profesional accedeu 1 dos 51 alumnos da cota xeral (2%). A oferta total de prazas fixouse no curso 2022-23 en 45

alumnos, e a taxa de ocupación foi de un 115,56% (250417_P.Ind_2022-23), contabilizándose 547 solicitudes para 45 prazas. Por sexos, o número de mulleres matriculadas representa o 80%.

Por orixe xeográfica (2504170_INF16_2022-2023.pdf), os alumnos matriculados no grao proceden maioritariamente de Galicia (71,11%), aínda que nunha porcentaxe algo máis baixa que no curso 21-22, que era do 77,53% e que no curso 20-21 que era do 86,36%, é de destacar o aumento de alumnos procedentes da provincia da Coruña que pasan de representar un 27,5% a un 36,5%; os alumnos procedentes da provincia de Pontevedra representan un 32,3%; case o mesmo que no curso 21-22 no que representaban o 33,3%, mentres que o alumnado procedente das provincias de Lugo e Ourense representan un 21,9% e un 9,4% respectivamente, unha porcentaxe algo mais baixa que nos cursos 20-21 e 21-22 (31,6% e 27,54% para a provincia de Lugo, e 10,5% e 11,6% para a provincia de Ourense); polo que segue parecendo necesario realizar un maior esforzo na difusión do GBioq entre os alumnos de bacharelato da provincia de Ourense, pero tamén na provincia de Lugo. Cabe destacar que o alumnado procedente doutras CC.AA. (IN09G) representa un 28,15% cando no curso 21-22 representaba o 21,35%, afastándose cada vez máis do 13,64% do curso 20-21.

Con respecto aos alumnos de novo ingreso (2504170_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf) a porcentaxe de alumnos que proceden de Galicia representa o 58,82% (30 de 51) fronte aos 71,74% do curso 21-22 e 86,36% do curso 20-21, mentres que os alumnos de novo ingreso procedentes doutras comunidades autónomas pasa a representar o 39,21% (20 de 51) fronte aos 28,26% do curso 21-22 e 13,6% do curso 20-21, o que indica un incremento moi significativo.

Os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (2504170_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf) mostran que no curso 22-23 o 90,2% dos alumnos matriculados elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción (74,5% e 15,7%, respectivamente), dato similar ao 91,8% do curso 21-22, datos superiores aos do curso 20-21, onde a porcentaxe de alumnos matriculados que elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción era do 87%. Cabe destacar o incremento do 65,3% ao 74,5% (dos cursos 21-22 e 22-23 respectivamente) na porcentaxe de estudantes que elixiron o grao en 1ª opción.

De acordo con a mesma fonte, a nota media de acceso (sobre 14) da cohorte de estudantes da cota xeral (51 alumnos) foi de 11,87 para alumnado procedente de bacharelato e de 11,2 para alumnado procedente de formación profesional, cun 100% cunha nota igual ou superior a 11. En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6 (IN07G).

✧ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Matricula


No GEPQI ofertáronse 45 prazas de nova matrícula para o curso 2022-23. Segundo os datos proporcionados pola CIUG (2502236_(L)_INF CIUG_2022-2023) parecen indicar que existe certo interese polo título, xa que a relación do número de solicitudes por cada praza ofertada na cota xeral mantense en 2,5 como no ano anterior, así para as 38 prazas ofertadas na cota xeral houbo 95 solicitudes e foron admitidos 28 estudantes. Das solicitudes presentadas, 15 elixiron este grao en 1ª opción, e 12 deles matriculáronse nesa quenda. Finalmente iniciaron os estudos no GEPQI 24 estudantes (IN03G).

Perfil de ingreso

Dos 24 alumnos matriculados no grao, todos eles comezaban estudos na universidade (IN03G), o 90% procedían do Bacharelato e o resto da Formación Profesional. Estes datos tamén revelan que entre os novos estudantes matriculados no grao a porcentaxe de mulleres é case do 57% (IN04G) lixeiramente maior á proporción global de mulleres no título (53% mulleres, IN02G), e un valor moi superior ao 26,9% de media estatal que para os estudos de enxeñaría indican os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).

Os datos da CIUG amosan tamén que a nota media de acceso dos estudantes procedentes de Bacharelato foi de 8,32, e os estudantes procedentes de Formación Profesional accederon cunha nota media de 8,27. A nota media é superior a 6 (IN07G) no 90% dos estudantes admitidos.

Por último, indicar que un 5% dos estudantes de novo ingreso matriculados no Grao de Procesos Químicos Industriais, no curso 2022-2023, son estudantes nacionais de fóra de Galicia. En canto a distribución dentro de Galicia, seguen sendo os estudantes procedentes da zona norte os que cobren as prazas en maior porcentaxe (85%), tal e como se amosa no gráfico.



Distribución dos estudantes segundo a provincia galega de procedencia.

✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética

Perfil de Ingreso:

Segundo os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (2502222_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf), no curso 2022-23 volvéronse a matricular de novo ingreso na cota xeral un total de 58 estudantes (114% das 51 prazas dispoñibles), así como 2 titulados universitarios (200% das prazas dispoñibles), ningún maior de 25, 40 ou 45 anos (0% das prazas dispoñibles), e ningún deportista de alto nivel (0% das 2 prazas dispoñibles). Respecto aos alumnos con algún tipo de discapacidade, ocupouse só unha das 3 prazas reservadas para este colectivo (33%). A meirande parte dos alumnos procedían do Bacharelato (47 dos 58 alumnos da cota xeral, 81%). Desde Formación Profesional accederon 11 dos 58 alumnos da cota xeral (19%). A oferta total de prazas para o GNHD fixouse no curso 2012-13 en 60 alumnos (40 nos cursos 2010-11 e 2011-12), e a taxa de ocupación das mesmas foi sempre igual ou superior ao 80% (101,7% no curso 2022-23), con taxas de variación interanual de -9,1%, +14%, +12%, -6,2% e +1,67 para os cursos 2018-19, 2019-20, 2020-21, 2021-22 e 2022-23, respectivamente, contabilizándose 497 solicitudes para 61 matriculados neste último curso. Por sexos, a tendencia desde a implantación da titulación é similar á distribución media a nivel nacional para as titulacións da rama de Ciencias da Saúde (71,4% de mulleres no curso 2020-21, segundo o documento "Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2021-22", publicado polo MU), con porcentaxes de alumnas de novo ingreso no GNHD o 72% (2018-19), 64% (2019-20), 74% (2020-21), 74% (2021-22) e 74% (2022-23) (2502222_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf).

Por orixe xeográfica (2502222_INF16_2022-2023.pdf), os alumnos matriculados no grao proceden maioritariamente de Galicia (79,2%), especialmente das provincias da Coruña (25,9%), Pontevedra (24,6%) e Lugo (22,8%), en claro contraste cos alumnos procedentes da provincia de Ourense, que aínda que van incrementando lentamente o seu número, representan só un 6,8% da matrícula, probablemente debido á competencia directa que supón o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos impartido no Campus de Ourense. Cabe destacar que o alumnado procedente doutras CC.AA. (2502222_P.Ind_2022-23.pdf) segue incrementándose un ano máis, representando no curso 2022-23 un 20,18% do total de matriculados no grao, fronte a tan só un 5,6% para o curso 2010-2011. O alumnado estranxeiro, pola súa parte (2502222_P.Ind_2022-23.pdf), representa un 3,07% do total. Se consideramos só os alumnos de primeiro curso (2502222_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf), no curso 2022-23 a matrícula na cota xeral procede nun 77,6% de Galicia, nun 18,9% doutras CC.AA. e nun 3,4% doutros países.

No mesmo documento, a Comisión Interuniversitaria de Galicia aporta o dato de que no curso 2022-23 o 68,9% dos alumnos

matriculados elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción (54,1% e 14,8%, respectivamente). De acordo coa mesma fonte, a nota media de acceso (sobre 14) da cohorte de estudantes da cota xeral (58 alumnos) foi de 10,023 $[(10,068 \times 0,81) + (10,044 \times 0,19)]$, cun 100% dos alumnos con nota superior a 6 (2502222_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf).

✧ Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

O MEPA non realizou oferta de prazas novas para o curso 2022-23, polo que o número de novos matriculados foi de 0, consonte o indicador IN01M. A matrícula novo ingreso (Ind. IN03M) e a matrícula de novo ingreso por preinscrición (Ind. IN04M) foi en ambos casos de 0. O número total de estudantes matriculados foi de 7 (Ind. IN02M), que se corresponden cos estudantes do 2 curso, que ao longo do curso 2022/23 levaron a cabo as materias correspondentes a Prácticas en Empresa (5 matriculados) e TFM (7 matriculados), segundo recolle o informe 4316983_INF_15_2022-2023, sendo estas dúas as únicas materias de segundo curso, e por tanto as únicas con alumnado matriculado.

A procedencia deste alumnado matriculado (7 alumnos en total, Ind. IN02M) se recolle no informe 4316983_INF16_2022-2023. Seis dos alumnos son de orixe galego (5 da provincia de Lugo, e un da de A Coruña), e a restante matriculada provén de Costa Rica, o que fai que a porcentaxe de alumnado estranxeiro sobre total de matriculados sexa do 14.29% (Ind. IN08M).

Non se discuten outros datos do perfil ingreso posto que ao ser o MEPA un máster en extinción (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221229/AnuncioG0655-211222-0004_gl.html), non hai matrícula de novo alumnado.

Panel de indicadores

4316983 - Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

Codigo_IND	Nome_IND	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN01M	Prazas ofertadas	25.0	25.0	25.0	0.0
IN02M	Matrícula	5.0	10.0	9.0	-
IN02M	Matrícula global	-	-	-	7.0
IN03M	Matrícula de acceso	5.0	5.0	4.0	0.0
IN04M	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	5.0	5.0	4.0	0.0
IN05M	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	-	0.0	-20.0	-
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	6.53	7.14	6.42	-
IN07M	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	100.0	100.0	75.0	-
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	40.0	20.0	11.11	14.29
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	0.0	0.0	0.0	0.0

Táboa 1. Algúns indicadores de interese para a Dimensión 1: A xestión do título.

✧ Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Oferta de prazas

No curso 2021-22 tivemos 42 preinscritos e no curso 2022-23 tivemos 66 preinscritos. A oferta total de prazas e de 20 e matriculáronse de novo ingreso un total de 19 estudantes. Realmente completouse a matrícula con 20 estudantes, pero no período de posible desestimento e posterior anulación administrativa, un estudante cambiou de idea e desistiu, xa non sendo posible admitir novos alumnos que quedaron na lista de espera. Especialmente o alumnado de países alleos ao EEES con frecuencia realiza anulacións de matrícula moi avanzado o curso o que provoca que non se poda ocupar novamente esa praza, aínda que exista alumnado interesado. Debido a isto, no informe de resultados do MINSTA a Comisión de Calidade acordou

propoñer unha acción de mellora para incrementar o número de prazas ofertadas. Esta acción recóllese no plan de melloras do centro 2022-23 (apartado 3) co código AMF 2223-1 e xa foi realizada permitindo a partir de curso 2023-24 incrementar a oferta a 22 prazas.

Perfil de ingreso

A titulación de procedencia e moi variada dentro do campo das Ciencias Experimentais que dan acceso o mesmo, tal como se amosa na seguinte táboa.

12. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) no Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - P1221V01

Ano académico	Titulación de procedencia	Num. de estudantes
2022/2023	Grao en Bioloxía pola Universidade da Coruña	1
	Grao en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela	2
	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos pola Universidade de Vigo	1
	Grao en Nutrición Humana e Dietética pola Universidade de Santiago de Compostela	5
	Grao en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Estudios Realizados no Estranxeiro	6
	Resolución reitoral de equivalencia	2
	Licenciado en Veterinaria	1
	Total 2022/2023	19

Fonte: Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións(ATIC) actualizada a data fin de ano académico para o curso 2022/23. Están excluídos/as os/as estudantes matriculados/as ao abeiro do programa Erasmus e doutros convenios.

Por orixe xeográfica, os alumnos matriculados teñen procedencia moi variada. O alumnado procedente doutras CC.AA. foi do 10% recibindo estudantes de Andalucía, Castela-A Mancha, Castela e León e Extremadura. A taxa de fóra do EEES foi do 12,5%, recibindo estudantes de Arxentina, Brasil, Honduras e México. Os indicadores relacionados con este criterio achéganse na táboa seguinte.

Aínda que no curso 2019-20 houbo un descenso puntual da matrícula, no curso 2020-21 recuperouse e completouse a oferta no curso 2020-21. No curso 2022-23 tivemos 19 de 20 prazas ocupadas. Como se indicou anteriormente, no período de matrícula completáronse as 20 prazas, pero no período posterior de desestímulo, un alumno anulou a matrícula, quedando unha praza libre. Debido a esta situación e derivado do informe de resultados do MINSTA 2021-22, a Comisión de Calidade acordou propoñer para o curso 2022-23 a acción de mellora (**AMF2223-1**) co obxectivo de incrementar o número de prazas ofertadas do MINSTA a 22. Esta acción foi desenvolvida con éxito durante o curso 2022-23.

Indicador	Descrición	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN01M	Prazas ofertadas	25	25	20	20	20
IN02M	Matrícula	36	30	31	37	40
IN04M	Matrícula de novo ingreso	18	10	20	18	19
IN05M	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	-5,26	-44,44	100	-10	ND
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	6,72	6,78	6,98	7,09	7,03
IN07M	% estudantes que acceden con nota ≥ 6	100	85,71	100	93,75	100
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	8,33	10	9,68	5,41	12,5
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	16,67	26,67	25,81	21,62	10

IN12M	Taxa de ocupación (%)	72,00	40,00	100	90,00	95,00
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	58,63	56,67	41,94	40,54	45

Á vista dos datos, considérase de interese resaltar os seguintes aspectos respecto do perfil de ingreso:

- 100% do alumnado de ingreso ten unha nota media de acceso igual ou superior a 6 no curso obxecto de seguimento.
- A procedencia xeográfica do alumnado foi moi variada. A porcentaxe de alumnado estranxeiro foi do 12,5% (IN08M), amosando o interese internacional do Máster. A tendencia dos últimos anos indica valores entre 5,26 e 12,5% (figura 2). Pode citarse que hai mais estudantes estranxeiros, pero moitos de latinoamérica venidos polo programa BEME da Xunta de Galicia, non se teñen en conta neste indicador o ter a nacionalidade española.
- No número de estudantes doutras comunidades, obsérvase unha tendencia decrecente nos últimos 3 cursos, inda que mantívose en valores altos nos últimos 6 cursos, o redor do 18,55%.

Dentro de Galicia, a distribución e dispersa entre as provincias, sendo a provincia de Ourense a que menos alumnos aporta (1 do Barco de Valdeorras). Tendo en conta o total de alumnos do máster entre o primeiro e segundo curso (28 alumnos de dentro de Galicia) temos esta distribución de estudantes: A Coruña: 13; Lugo: 10; Ourense: 1; Pontevedra: 4 (Datos en 4316196_INF16_2022-2023).

Análise do perfil real de egreso

A análise do perfil real de egreso lévase a cabo a nivel de título e desenvólvese a continuación para cada unha das titulacións do centro.

✧ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Para este curso os datos dispoñibles son os correspondentes aos egresados no ano 2014-2015, do Estudo de Inserción Laboral que a ACSUG (EIL1415) elaborou dende xaneiro de 2021 ata marzo do mesmo ano. Neste estudo indican que o 90% traballan actualmente; sendo a poboación de estudo unha mostra cun 60% mulleres e un 40% homes, cabe sinalar que traballan o 83% das mulleres e o 100% dos homes.

O 50% elixiran o título como primeira opción. O 70% buscou traballo dende que rematou, tardando unha media de 9,9 meses en atopalo. Distribuídos na xeografía galega, traballan maioritariamente na provincia de A Coruña (56%), seguido de Pontevedra (22%); en Lugo traballa un 11%, a mesma porcentaxe que noutras provincias españolas.

O 89% teñen un contrato indefinido, sendo indefinido no 80% das mulleres, mentres que nos homes o 100% é indefinido. Nestes traballos o 89% desenvolven funcións de nivel universitario. O soldo está en valores medios de 1550 €/mes as mulleres e 1625 €/mes no caso dos homes. Practicamente o 90% volverían facer estudos universitarios, a mesma titulación e na mesma universidade.

✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética

O documento 2502222_INF.EIL.ACSUG_2022-2023.xlsx recompila datos oficiais de inserción laboral para a cohorte de alumnos 2014-15 do GNHD, que se sintetizan na táboa seguinte:

	Cohorte titulados Sistema Universitario de Galicia 2014-15			
	GNHD	CC Saúde USC	CC Saúde SUG	SUG
Titulación como 1ª opción (%)	73,00	82,00	78,00	74,00
Traballa actualmente (%)	82,00	86,00	86,00	87,00
Traballo relacionado coa titulación (%)	-	-	-	-
Meses que tardou en atopar traballo	15,60	9,37	9,20	8,77
Contratado conta propia (%)	-	-	-	-
Contrato indefinido (%)	56,00	62,00	63,00	63,00
Contrato eventual (%)	33,00	30,00	29,00	26,00
Contrato en prácticas (%)	0,00	2,00	2,00	2,00
Bolsa (%)	11,00	1,00	1,00	1,00
Outros (%)	0,00	6,00	5,00	7,00
Salario neto mensual (€)	1416,67	1548,64	1535,09	1518,40
Desarrolla funcións de nivel universitario (%)	78,00	85,00	83,00	82,00
Volvería a cursar estudos universitarios (%)	100,00	86,00	85,00	87,00
Volvería a cursar a súa titulación (%)	82,00	77,00	78,00	79,00
Volvería a cursar a súa titulación na mesma Univ. (%)	100,00	87,00	87,00	90,00

De acordo con estes datos, o 100% da cohorte estaría traballando no momento de realización da enquisa (xaneiro a marzo de 2021), o 78% desenvolvería funcións de nivel universitario, o 100% volvería a cursar estudos universitarios, o 82% volvería a cursar a súa titulación, e o 100% deles faríano de novo na mesma universidade.

O documento 2502222_EIL-SIIU_2022-2023.xlsx recolle algúns datos adicionais de inserción laboral para as cohortes de alumnos 2015-16, 2016-17 e 2017-18, o que nos permite apreciar a evolución temporal da taxa de afiliación á SS entre 1 e 4 anos despois da graduación, con valores medios de 53,5, 55,2, 69,2 e 76,7%, e unha porcentaxe media de autónomos do 31,2% no cuarto ano.

Tasa afiliac	1 ano	2 anos	3 anos	4 anos
2015-16	47,06	58,82	73,53	82,35
2016-17	54,05	51,35	78,38	81,08
2017-18	59,26	55,56	55,56	66,67
Media	53,46	55,24	69,16	76,70

% Autonomos	1 ano	2 anos	3 anos	4 anos
2015-16	-	-	-	35,71
2016-17	-	-	27,59	26,67
2017-18				
Media			27,59	31,19

✧ Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

No curso 2022-23 a terceira promoción do MEPA rematou os seus estudos. Remataron os estudos 5 dos 7 alumnos matriculados (71.43% do total). O perfil de egreso coincide co establecido na memoria do título e se considera apropiado aos requisitos do ámbito académico, científico e profesional.

Derivado do baixo número de alumnos do MEPA, fíxose un seguimento detallado da inserción laboral do alumnado egresado do MEPA ao longo dos cursos 2020-21 e 2021-22. Dos 10 alumnos egresados nestes dous cursos, o 80% se atopaba inserido no mercado laboral nun período non maior de 6 meses desde a finalización dos seus estudos de máster. Este é un dato de gran interese que demostra que o perfil de egreso do alumnado do MEPA e moi valorado por parte dos empregadores, sobre todo aqueles do sector primario. Cousa que resulta lóxica tendo en conta que os contidos académicos do MEPA deseñáronse no seu día tendo en conta as suxestións de representantes do Clúster Agroalimentario de Galicia.

Nalgunhas das empresas que acollen aos egresados do MEPA son s: Real Conservera Española (Cambados, Pontevedra), JEALSA (Boiro, A Coruña), Concello de Narbonne (Francia), Ingapán (Lugo), Galacteum (Melide, A Coruña), entre outras.

✧ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**

Non temos datos de inserción laboral para esta memoria.

Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-23

No Plan de melloras do centro correspondente ao curso 2022-23 figuran 3 accións de mellora relacionadas con esta directriz : **AMF2223-1, AMF2223-3 e AMF2223-4**, que de seguido se indica xunto coa súa evolución:

- **AMF2223-1.** Incrementar o número de prazas ofertadas do MINSTA a 22. Modificación da oferta do MINSTA proponendo á universidade incrementala ata 22 prazas. Executada con eficacia: 30/03/2023.
- **AMF2223-3.-** Deseño dunha nova titulación de máster universitario que complemente a formación dos graduados en Bioquímica. Executada con eficacia: 08/09/2023.
- **AMF2223-4.-** Modificación do Plan de estudos do Grao en Bioquímica. Executada con eficacia: 31/08/2023.

A información completa das accións de mellora amósase no apartado 3 do presente documento, Plan de Melloras do centro.

Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24

A Comisión de Calidade acordou, non propoñer para o curso 2023-24 accións de mellora relacionadas con esta directriz.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede. Analízase tamén o proceso de recoñecemento de créditos.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Admisión do alumnado. Evolución da matrícula

Na seguinte táboa sinálase a evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro nos cinco últimos cursos académicos.

As variacións do indicador **IN01C** (prazas ofertadas) son debidas a implantación de novos títulos ou a extinción doutros: no curso 2019-20 debido á implantación do MEPA ofertándose 25 novas prazas e por outra banda reduciuse a oferta de novo ingreso do GEPQI en 5 prazas para axustar a oferta á demanda. No curso 2020-21 as prazas ofertadas aumentaron en 40 debido a implantación do GBioq. (45) e a redución da oferta de novo ingreso do MINSTA en 5 prazas. No curso 2021-22 mantense a oferta de prazas en 195. E no curso 2022-23 a oferta baixa 25 prazas xa que o MEPA entrou en fase de extinción.

En canto a evolución dos indicadores de matrícula (**IN02C, IN03C, e IN04C**), cabe destacar o aumento do indicador IN02C (matrícula global) a pesar da desaparición do MEPA da oferta académica. Relacionado con isto, poderíase explicar o descenso no valor dos indicadores IN03C e IN04C relacionados co número de estudantes que se matriculan por primeira vez nun plan de estudos ou en 1º curso dunha titulación

O indicador **IN05C**, que amosa as variacións na matrícula de novo ingreso por preinscrición en relación co curso académico anterior, xa non se determina pola USC.

Non obstante unha análise mais polo miúdo do indicador **IN04C**, amosada para cada unha das titulacións nas páxinas seguintes, fainos mostrar un certo grado de satisfacción coas actuacións desenvolvidas pola Facultade nos últimos cursos académicos para tratar de mellorar estes resultados. No GEPQI mantense unha media de 25,8 alumnos nos últimos 5 anos (25-20-27-33-24) o que representa un valor estable e considerable para unha titulación de enxeñaría nun campus periférico que compite cos campus centrais cun maior número de poboación e diferenciándose cada vez mais na especialización da súa oferta docente, a

pesar do descenso na matrícula observada no curso 2022-23 froito da situación de incerteza xerada cos estudos de enxeñaría no Campus Terra. A variación deste indicador no GNHD retoma os valores habituais (50-57-64-60-61). Polo que respecta ao MINSTA obsérvase un mínimo aumento no valor deste indicador con respecto ao curso anterior (18-10-20-18-19).

Código	Descrición	Curso (2018-19)	Curso (2019-20)	Curso (2020-21)	Curso (2021-22)	Curso (2022-23)
IN01C	Prazas ofertadas	135	155	200	195	170
IN02C	Matrícula	390	362	421	473	533
IN03C	Matrícula de acceso	93	92	160	165	157
IN04C	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	92	92	159	163	155
IN05C	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	-22,69	-5,43	25	2,52	--
IN06C	Nota media de acceso por preinscrición	8,5	8,50	9,83	10,23	10,22
IN07C	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	96,34	93,98	97,99	98	98,58
IN08C	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2,05	2,76	3,09	4,44	3,75
IN09C	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	12,05	13,54	14,01	14,8	17,45
IN10C	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	40,91	44,76	39,33	54	55,33
IN12C	Taxa de ocupación	68,15	64,56	79,5	83,59	91,18
IN14C	Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	1,05	0,64	0,65	1,02	0,78

Cabe destacar tamén que a nota media de acceso por preinscrición (**IN06**) mantense estable en tódalas titulacións impartidas (GBioq: 11,73-12,38-11,79; GEPQI: 8,21-7,35-8,05-8,55-8,33; GNHD: -9,23-9,23-10,08-10,53-10,06 e MINSTA: 6,72-6,78-6,98-7,09-7,03). Do mesmo xeito, tamén se aprecia unha certa estabilidade na porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados. Por outra banda cabe destacar o aumento progresivo da porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados, fundamentalmente debido ao grao en Bioquímica e ao GNHD.

Respecto ao indicador IN10C, cabe dicir que tras o forte aumento obtido no curso 2021-22, no curso 2022-23 o valor é aínda máis alto debido sobre todo ao dato do grao en Bioquímica que alcanzou o 86,67%; mentres que o IN12C segue experimentando unha evolución positiva, rompendo a tendencia á baixa dos anos anteriores, consecuencia sen dúbida da implantación do novo grao en Bioquímica. O último indicador (IN14C) volve sufrir neste curso 2022-23 unha diminución, debida sen dúbida á desaparición do MEPA da oferta de titulacións da USC.

Evolución do número de estudantes de novo ingreso en cada titulación

✧ Grao en Bioquímica


No grao en Bioquímica ofértanse 45 prazas de nova matrícula; a taxa de ocupación é moi elevada con un valor por encima do 100%, pois se completaron 52 prazas de nova matrícula (IN04G).

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscrición de novo ingreso con 12,15 solicitudes por cada praza dispoñible (547 fronte a 45) (2504170_ (L)_INF CIUG_2022-2023), cunha nota media de acceso por preinscrición de 11,79

(IN06G) o que implica que o GBioq responde con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias, complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

✧ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Na seguinte figura amósase a evolución do número de estudantes do grao tanto no número total coma dos novos estudantes en primeiro curso.



Evolución dos datos de matrícula nos derradeiros cinco anos (CIUG).

Tal e como se mostra na figura anterior, no curso 2022-23 o número de novos estudantes mantense preto da media (25,8). Aos 24 estudantes de novo ingreso hai que engadir 3 que pertencen ao grao aberto USC Enxeñarías pero que están matriculados en materias do GEPQI, e que posteriormente continúan o seus estudos neste título.

No curso 2022-2023 pódese resaltar que houbo 24 estudantes de novo ingreso matriculados para un número de prazas ofertadas na cota xeral de 38, esta relación representa que o 63% das prazas ofertadas na cota xeral foron cubertas. Hai que ter en conta que os 3 estudantes do Grao Aberto USC Enxeñarías non están contemplados neste número, polo que en realidade son 27 os estudantes que se incorporaron ao GEPQI. A taxa de ocupación (**IN12G**) descende con respecto ao curso anterior, máis a media de alumnado de novo ingreso nos últimos 5 cursos mantense en case 26 estudantes.

✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética



No GNHD ofértanse 60 prazas de nova matrícula desde o curso 2012-13 (40 nos cursos 2010-11 e 2011-12), con ocupacións históricas superiores ao 90% das prazas ofertadas practicamente desde o inicio da oferta do grao. A tendencia mantívose no curso 2022-23, cunha taxa de ocupación do 101,7%, un valor superior á media dos 5 cursos anteriores (97,3%). En consecuencia, o número total de estudantes matriculados no GNHD está no momento actual estabilizado en torno aos 200 (228no curso 2022-23).

Este dato é moi significativo cando se compara co contexto do Sistema Universitario Español (SUE), no que o número total de estudantes matriculados en grao (ou 1º e 2º ciclo) no curso 2021-22, aínda que amosa unha lenta recuperación desde o curso 2018-19, segue a ser inferior ao acadado no curso 2011-12 (1,45 millóns fronte a 1,34 millóns, respectivamente, un descenso do 8%) (*Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2022-23, MU*).

Esta alta demanda, por outra banda, é característica dos estudos da rama de Ciencias da Saúde, cunha taxa de variación positiva segundo datos do MU dun 7,2% (últimos 5 anos, de 2016-17 a 2021-22) e do 118,2% (últimos 15 anos, de 2006-07 a 2021-22), incluso nun contexto de profunda crise demográfica e económica.

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscrición de novo ingreso con máis de 8 solicitudes por cada praza dispoñible (497 fronte a 60) (2502222_(L)_INF CIUG_2022-2023.pdf), o que implica que o GNHD, segue cubrindo con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias da Saúde complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

Se se analiza no mesmo documento a evolución da porcentaxe de alumnos que elixen o GNHD como primeira ou segunda opción, podemos comprobar que a cifra mantense bastante estable, cunha media para os últimos cinco cursos (2018-19 a 2022-23) do 71,3%. Esta porcentaxe de alumnos, probablemente máis "vocacionais", tenderían a permanecer no grao, mentres que o resto serían alumnos en principio con baixa motivación e que probablemente cambien de titulación ou abandonen os estudos tras finalizar o primeiro ano. Para o curso 2022-23, aínda que a porcentaxe de alumnos con preferencia ≥ 2 (68,9%) está por debaixo da media quinquenal, a nota de acceso media á titulación (10,06%) mantense entre os valores máis altos da serie histórica.



✧ Máster Universitarios en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

Non se discuten outros datos de matrícula nin do perfil ingreso posto que ao ser o MEPA un máster en extinción (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221229/AnuncioG0655-211222-0004_gl.html), non hai matrícula de novo alumnado durante o curso 2022-23.

✧ Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Na seguinte táboa atópanse os indicadores que nos facilitan a análise da evolución número de estudantes de novo ingreso no título:

Indicador	Descrición	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN01M	Prazas ofertadas	25	25	20	20	20
IN02M	Matrícula	36	30	31	37	40
IN04M	Matrícula de novo ingreso	18	10	20	18	19
IN05M	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	-5,26	-44,44	100	-10	ND
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	6,72	6,78	6,98	7,09	7,03
IN07M	% estudantes que acceden con nota ≥ 6	100	85,71	100	93,75	100
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	8,33	10	9,68	5,41	12,5
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	16,67	26,67	25,81	21,62	10
IN12M	Taxa de ocupación (%)	72,00	40,00	100	90,00	95,00

IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	58,63	56,67	41,94	40,54	45
-------	---	-------	-------	-------	-------	----

Como indicador de demanda podemos usar a taxa de ocupación. No curso 2019-2020 houbo un descenso puntual e considerable na taxa de ocupación, pero no curso 2020-2021 recuperouse completando a matrícula, no curso 2021-2022 foi do 90% e no curso 2022-2023 foi do 95%.

A porcentaxe de matriculados que son titulados da USC foi do 45%, mostrando unha gran captación de estudantes doutras universidades. En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6. A nota media de acceso foi 7,03, valor similar ao de cursos anteriores.

Aínda que no curso 2019-20 houbo un descenso puntual da matrícula, no curso 2020-21 recuperouse e completouse a oferta no curso 2020-21 e con 19 de 20 prazas ocupadas no curso 2022-23. Como se indicou anteriormente, no período de matrícula completáronse as 20 prazas, pero no período posterior de desestimento, un alumno anulou a matrícula, quedando unha praza libre.

Plan de captación de estudantes.

O Plan de Captación de Estudantes ten como obxectivo a captación de alumnado mediante unha campaña de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se imparten na Facultade de Ciencias acordes co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación. Este plan de captación foi implantado no curso 2017-18 e incluído no proceso PC-01, *Análise do perfil de ingreso e captación*, do manual de procesos do centro.

Este plan é un documento flexible que permite recoller todas as accións levadas a cabo durante cada curso académico para potenciar a matrícula de ingreso nas titulacións do centro. Os resultados do Plan de Captación e as súas actividades analízanse e reformúlanse para cada curso académico.

De maneira resumida, as actividades desenvolvidas, que se recollen de xeito mais detallado no informe do Plan de captación 2022-23, foron:

Graos:

- Contactos cos centros de ensino para asistencia de profesores da Facultade ós mesmos ou planificación de visitas ós laboratorios da Facultade dentro das xornadas "Ciencia para xoves investigadores".
- Reunións para planificar a campaña de promoción das titulacións de grao nos Institutos e Colexios
- Realización das xornadas "Ciencia para xoves investigadores"
- Participación nos ENCONTROS na zona USC - Campus Lugo 2023 (07 de febreiro e 30 de marzo de 2023).
- Participación nos ENCONTROS (virtuais) na zona USC - Campus Lugo 2023 (12 de abril de 2023).
- Participación en "a USC Camiña. Xornada de achegamento á USC (02 de decembro do 2022).
- Outras actividades non programadas no Plan de Captación

Mestrados:

- Presentación dos títulos de mestrado ao potencial alumnado do centro e do Campus Terra.
- Encontros virtuais de mestrado (abril de 2023)

Á vista das actividades realizadas e dos resultados obtidos a Comisión de Calidade elaborou as propostas de mellora que se recolleron no Informe 2022-23 e que se pretenden desenvolver no Plan de Captación 2023-24.

Recoñecemento de créditos

Durante o curso 2022-23 foron recibidas 21 solicitudes para o recoñecemento de créditos, supoñendo un recoñecemento de 699 créditos. Estes datos só recollen as solicitudes que foron informadas desde o Centro. As UXAs realizan tamén recoñecementos a través de táboas de recoñecementos entre titulacións, do Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios, que non precisan informe do Centro.

Grao en Bioquímica:

Recibíronse 2 solicitudes de recoñecemento de créditos da tipoloxía "Titulación universitaria", supoñendo 24 créditos recoñecidos.

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais:

Recibíronse 3 solicitudes de recoñecemento de créditos da tipoloxía "Titulación universitaria", supoñendo 117 créditos recoñecidos.

Grao en Nutrición Humana e Dietética:

Recibíronse 14 solicitudes de recoñecemento de créditos da tipoloxía "Titulación universitaria", supoñendo 483 créditos recoñecidos, 1 solicitude da tipoloxía "Validación parcial de estudos estranxeiros", supoñendo 75 créditos recoñecidos e 1 solicitude da tipoloxía "Formación Profesional de Grao Superior" que non supuxo créditos recoñecidos. O que fan un total de 16 solicitudes recibidas e un recoñecemento de 558 créditos.

Plan de Acción Titorial

O Plan de Acción Titorial (titorización, orientación, formación), contempla as actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado dende a súa incorporación á Facultade e durante todo o período de estudos coa finalidade de favorecer a aprendizaxe o desenvolvemento do estudante e a orientación ao mercado laboral. Este Plan planifícase e desenvólvese en cada curso académico dende a súa implantación no curso 2017-18 sendo incluído Manual de Procesos de Centro como un proceso da Facultade (PC-03, *Apoio a estudantes*).

Durante o curso académico 2022-23 o Plan de Acción Titorial desenvolveuse de acordo coa seguinte estrutura:

Programa de Alumnos Titores

O alumnado titor é un estudante matriculado nunha titulación de grao do Centro, de 2º curso ou seguintes, que orienta e apoia ao novo alumnado que se incorpora ao Centro, tratando de favorecer a súa integración.

Nunha 1ª etapa fórmase a este alumnado para que coñeza o funcionamento da USC. Na 2ª etapa estes alumnos dan acollida ao alumnado de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes estranxeiros (Erasmus, SICUE e de intercambio bilateral) e desenvolven apoio para o Servizo de Voluntariado.

- Planificación de Actividades
 - a) Recepción dos alumnos de novo ingreso e formación de grupos de contacto.
 - b) Participación na difusión da USC nos centros de ensino medio de Galicia.
 - c) Participación nas visitas guiadas de alumnado de secundaria ás instalacións da USC.

- d) Publicación do Programa de Titores e selección dos alumnos de primeiro ano.
- e) Participación dos alumnos titores na actividade teórica do primeiro ano.
- f) Asistencia de alumnos as Probas de ABAU na provincia de Lugo.
- g) Control das actividades realizadas polos alumnos titores.

Apoio Titorial Extraordinario

Actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC para axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades. Nesta convocatoria establécense os requisitos que deben cumprir os alumnos para poder solicitala, prazos de solicitude da mesma, actuación dos órganos que interveñen no procedemento (Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador, Centros, UXA, Directores dos Departamentos e Profesores Titores), elaboración das Actas, etc.

De acordo coa convocatoria, a Facultade de Ciencias corresponderalle unicamente dar traslado ás solicitudes recibidas ós departamentos e informalos de calquera consulta que teña que ver cos solicitantes e o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria anual.

Actividades de Orientación e Formación

Dentro deste epígrafe enmárcanse todas aquelas actividades dirixidas a informar, formar, orientar e favorecer a aprendizaxe do estudantado, dende a súa incorporación na Facultade ata a finalización dos seus estudos e preparación para a futura vida laboral. Debido a isto, moitas desas actividades desenvólvense en colaboración con entidades externas e colexios profesionais.

- Planificación de Actividades

- a) **Grao en Bioquímica (GBioq)**

- Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso.
 - Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade.

- b) **Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD)**

- Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio.
 - Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFG.
 - Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do PRACTICUM.
 - Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio en colaboración coa SRE (Servizo de Relacións Exteriores e coordinadora do Programa de Mobilidade da Facultade).
 - Colaboración co Concello de Lugo no desenvolvemento de charlas nutricionais específicas e divulgativas por parte de alumnos e egresados do noso Centro coa supervisión do profesorado e do Coordinador do Grao. Outra actividade coa que se continuará colaborando co Concello de Lugo no curso 2022-23 e a coñecida como "Almorzos saudables" que ten lugar nos colexios da contorna lucense e na que participan alumnos do GNHD informando e formando ao mesmo tempo aos mais pequenos nas boas costumes nutricionais.
 - Colaboración co CODINUGAL, para continuar celebrando cursos de formación específicos impartidos por profesionais e membros da xunta directiva do Colexio e as Xornadas CODINUGAL ou Congreso Anual.
 - Colaboración con ADINU Galicia tanto na organización como no desenvolvemento de actividades específicas de formación e orientación dirixidas ao estudantado do Grao en Nutrición Humana e Dietética. Tamén se continuará colaborando con ADINU e co Consejo General de Dietistas Nutricionistas de España para a organización de diferentes actividades relacionadas coa celebración do "Día do Dietista Nutricionista" o 24 de novembro.
 - Sesión informativa sobre materias optativas, de cara a facilitar a elección entre as ofertadas no GNHD.

- c) **Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI)**

- Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio.
 - Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFG.

- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas susceptible de recoñecemento como créditos optativos.
- Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio en colaboración coa SRE (Servizo de Relacións Exteriores).
- Colaboración co Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo en diferentes actividades que se levarán a cabo tanto na Facultade como nas instalacións do propio COETIL:
- Xornada de presentación do COETILUGO e de orientación laboral para exercer a actividade profesional como Enxeñeiro Técnico Industrial.
- Conferencia sobre o proceso tecnolóxico produtivo de fabricación de taboleiro a cargo de Dona María Castelo Fernández responsable de produción de MDF en FINSA-FIBRANOR e visita as instalación de FIBRANOR.
- Conferencia sobre o proceso tecnolóxico produtivo de fabricación de Bioetanol a cargo de D. David Carballo Galloso enxeñeiro de proceso e de proxecto de Vertex Bioenergy e visita as instalacións de Bioetanol Galicia.

d) Mestrado en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA)

- Xornada de Presentación e Benvida para os estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio..
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFM.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas.
- Charla informativa sobre saídas profesionais.

e) Mestrado en Enxeñaría do Procesado de Alimentos (MEPA)

- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFM.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas.

Á vista das actividades realizadas e dos resultados obtidos a Comisión de Calidade elaborou as propostas de mellora que se recolleron no Informe do Plan 2022-23 e que se pretenden desenvolver no Plan de Acción Titorial 2023-24.

Mobilidade

Tendo en conta os valores da porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C) dende o curso 2018-2019 ata o vixente curso académico (5,13-3,04-0,85-2,06), débese sinalar que o descenso deste valor no 2019-20 foi debido ó regreso dos estudantes desprazados no mes de marzo as súas universidades de orixe debido á COVID19, e o valor 0 no curso 2020-21 e debido a situación de pandemia, que no curso 2021-22 non parece recuperarse significativamente, pero que no curso 2022-23 experimenta un forte aumento.

✧ **Grao en Bioquímica:**

No curso 2022-2023 houbo unha estudante ERASMUS que estivo en Italia (2504170_INF03_2022-2023). A valoración global da experiencia por parte da estudante é de 4,35 (2504170_INF04_2022_2023).

✧ **Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais:**

No curso 2022-2023, estivo no centro cursando a titulación, unha alumna como SICUE da Universidade de Oviedo. Tamén como SICUE trasladáronse dous estudantes á Universidade de Las Palmas de Gran Canaria. Houbo un estudante ERASMUS que estivo en Hungría (2502236_INF03_2022-2023). Ademais, neste curso unha estudante estivo na Universidade de Coimbra a través do programa ERASMUS Prácticas.

✧ **Grao en Nutrición Humana e Dietética:**

Durante o curso 2022-2023 a porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G) foi de 4,39, sensiblemente superior ao do curso anterior (0,93), dato que apunta un retorno aos valores habituais pre-pandemia (4,65 no curso 2019-20).

Con respecto ao indicador IN17G (porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados) non se nos facilitaron datos posteriores ao curso 2017-18. No tocante á satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, os datos para o curso 2022-23 reflicten un descenso importante con respecto aos do curso anterior, debido probablemente á incorporación de novas universidades aos programas de intercambio, nas que os nosos alumnos experimentaron problemas ao non impartirse en inglés boa parte das materias.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	Media 5a
IN15G Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	3,40	-	4,51	5,00	3,94	4,21
IN17G % de estudantes enviados pola USC sobre o total de matriculados	-	-	-	-	-	-
IN18G % de estudantes recibidos pola USC sobre o total de matriculados	6,02	4,65	0,00	0,93	4,39	3,20

Avaliación da docencia. Indicadores de satisfacción

Análise das enquisas de avaliación da docencia.

Neste apartado analízanse os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, satisfacción do profesorado coa docencia impartida e satisfacción do profesorado coa titulación e satisfacción dos egresados coa titulación. A análise lévase a cabo primeiro dende o punto de vista do centro e a continuación desglosada por títulos.

No marco da Facultade de Ciencias os resultados amosan ser bastante satisfactorios de maneira xeral. Polo que respecta á satisfacción do alumnado coa docencia recibida (**IN46G e IN46M**) acada un valor bastante regular (4,9 no MINSTA, 3,84 no GBioq, 4,49 no GEPQI e 3,87 no GNHD) pero a taxa de participación resulta ser cada vez máis baixa nos últimos 5 anos en tódalas titulacións,. En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida (**IN47G e IN47M**) presenta valores maiores de 4 en tódalas titulacións e reflíctese unha constancia respecto aos cursos anteriores (GBioq: 4,34; GEPQI: 4,22; GNHD: 4,41 e MINSTA: 4,48).

Os resultados das análises das enquisas de avaliación da docencia amósanse a continuación para cada unha das titulacións do centro.

As táboas de datos para cada un dos items analizados atópanse nos informes de resultados de cada unha das titulacións publicados na Web de calidade do centro.

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-ciencias/calidad/documentacion-sgc>

Como xa foi indicado anteriormente, co motivo da **Renovación da Certificación de Implantación do SGC** (durante os cursos 2022-23 a 2023-24) a Comisión de Calidade preparou toda a documentación necesaria para someterse a avaliación dunha Comisión Externa. En outubro de 2023 tivo lugar a visita da comisión e o 19 de abril de 2024 recibíuse un informe provisional en termos favorables condicionado a elaboración dun plan de melloras que se está levando a cabo seguindo as indicacións da Comisión Avaliadora e da Sección de Calidade da USC. Ademais das accións contempladas nese plan de melloras a Comisión de Calidade tamén propuxo, para desenvolver no curso 2023-24, outras actuacións derivadas das recomendacións realizadas pola Comisión Avaliadora externa e que tamén se recollen no devandito informe:

“RE 3.1. Se recomienda continuar con las acciones de mejora para aumentar la tasa de participación en las encuestas de satisfacción”

Co fin de incrementar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción as Comisións de Grao recolleron e destacaron nos seus informes de resultados 2022-23 a baixa participación do alumnado nas enquisas. Debido a isto propuxeron a Comisión de Calidade que dende o centro se tomen medidas efectivas e que teñan continuidade no tempo, polo que estas medidas deberán ser contempladas como accións estratéxicas e polo tanto, recollidas na elaboración do Plan Estratéxico da Facultade. Por este motivo e seguindo a recomendación **RE 3.1**, a Comisión de Calidade propuxo a acción de mellora **AMF2324-2**, que se recolle con mais detalle no apartado 3 deste documento, Plan de melloras.

✧ Grao en Bioquímica

Derivado da recente implantación do título, so se dispón dos indicadores de satisfacción correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro cursos do GBioq:

A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

De acordo cos indicadores remitidos pola Area de Calidade (**IN48G, IN46G**), a taxa de resposta a esta enquisa foi do 40,3%, e a valoración global foi de 3,84 (**2504170_INF.13_2022_2023.pdf**). Os valores obtidos son lixeiramente máis baixos que os alcanzados no curso 2021-22 (41,11% para a taxa de resposta e 4,08 para a valoración global).

Co fin de incrementar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción a Comisión de título propón a Comisión de Calidade que dende o centro se tomen medidas efectivas que teñan continuidade no tempo polo que estas medidas deberán ser contempladas como accións estratéxicas e polo tanto, recollidas na elaboración do Plan Estratéxico da Facultade. Por este motivo proponse a acción de mellora **AMF2324-2**.

AMF2324-2.- Contemplar como accións estratéxicas, con continuidade no tempo, a planificación e realización de actividades que fomenten a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.

B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

De acordo cos indicadores remitidos pola Area de Calidade, a valoración global foi de 4,34 (**IN47G**), e a taxa de resposta a esta enquisa foi do 67,39% (**2504170_INF.14_2022_2023.pdf**). Valores elevados nos dous casos.

C) Satisfacción do profesorado coa titulación

Valores similares aos obtidos cando se pregunta ao profesorado sobre a súa satisfacción respecto de a titulación (**2504170_INF.23_2022_2023.pdf**), a valoración global vai aumentando en cada un dos 3 cursos de implantación da titulación (4,19-4,20-4,33), mentres que a participación do profesorado na enquisa diminuíu do 56,67% ao 52,17%.

Grao en Bioquímica
Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	4.25	4.59	4.42
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	4.75	4.41	4.50
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	4.38	4.00	4.42
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	4.25	4.47	4.63
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	4.50	4.41	4.79
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	4.13	4.13	4.04
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	4.13	3.65	4.08
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	4.25	3.94	4.26
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	4.38	4.24	4.42
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	3.88	3.76	3.88
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	4.14	4.06	4.26
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	4.17	4.00	4.39
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	4.00	4.24	4.21
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	4.13	4.18	4.25
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	4.25	4.29	4.46
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	4.38	4.59	4.42
O alumnado implícase na titulación?	N/A	3.88	4.12	4.30
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	3.57	4.35	4.19
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	N/A	4.13	4.41	4.38
Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	N/A	4.19	4.20	4.33
Participación	N/A	42.11%	56.67%	52.17%

✧ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

A enquisa (2502236_INF.13_2022-2023) mostra un valor medio de 4,49 sendo este similar á da media dos últimos cinco cursos.

No valor do **IN46G** destacan a resposta ao “A axuda recibida nas titorías foime de utilidade?” cun valor de 4,89 “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?” (4,66), e reflectindo que no conxunto do título lógrase manter un nivel docente/discente axeitado.

A taxa de resposta na enquisa de satisfacción (**IN48G**) atópase por baixo da media dos últimos anos, e a porcentaxe de participación na enquisa é moi baixa (6,54%). Os resultados das enquisas móstranse na seguinte táboa.

Informe sobre indicador IN46G	18-19	19-20/1ºS	19-20/2ºS	20-21	21-22	22-23
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	4,01	4,13	---	---	4,26	4,66
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	4,12	4,15	---	---	4,41	4,66
Cofiecen de antemano os criterios de corrección de exames e/ou traballos?	3,82	4,03	---	---	3,88	4,34
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	3,70	3,46	3,56	3,75	3,38	4,41
O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia?	3,71	3,51	---	---	3,36	4,38
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	3,71	3,61	3,58	3,67	3,43	4,39
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	3,64	3,78	---	---	3,61	4,34
Os contidos desenvólense de acordo co cronograma temporal da materia?	4,02	4,10	---	---	4,28	4,62
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	3,71	3,78	3,63	3,72	3,70	4,5
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	4,03	4,15	3,94	3,94	3,94	4,59
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/cas estudantes?	3,97	3,97	---	---	3,99	4,52
Conssegue facerme ver a relevancia da materia e o seu interese para a miña formación?	3,69	3,78	---	---	3,65	4,48
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade?	3,85	4,09	---	---	3,93	4,89
O/a docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	3,72	3,81	3,33	3,73	3,64	4,41
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	3,67	3,63	---	---	3,38	4,45
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia?	3,79	3,63	3,43	3,66	3,58	4,28
Considero que hai coordinación entre os distintos profesores da materia?	---	---	---	---	---	---
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións?	---	---	---	---	---	---
Os contidos desenvolveron de acordo ao cronograma inicialmente previsto?	---	---	4,02	4,11	---	---
Resólvense as dúbidas que se trasladan?	---	---	3,50	3,62	---	---
Os materiais suministrados serviron de axuda para preparar a materia?	---	---	3,48	3,55	---	---
A carga de traballo foi adecuada aos contidos e créditos da materia?	---	---	3,74	3,64	---	---
A comunicación co/coa docente foi adecuada?	---	---	3,60	3,95	---	---
Valor medio do título	3,82	3,72	3,62	3,76	3,77	4,49

Co fin de incrementar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción a Comisión de título propón a Comisión de Calidade que dende o centro se tomen medidas efectivas que teñan continuidade no tempo polo que estas medidas deberán ser contempladas como accións estratéxicas e polo tanto, recollidas na elaboración do Plan Estratéxico da Facultade. Por este motivo propónse a acción de mellora **AMF2324-2**:

AMF2324-2.- Contemplan como accións estratéxicas, con continuidade no tempo, a planificación e realización de actividades que fomenten a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.

B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

Na enquisa do curso 2022-2023 de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (2502236_INF.14_2022-2023) obtén unha valoración de 4,21 similar ao ano pasado e a participación neste curso chegou a un 63,83%. Os resultados preséntanse

na táboa adxunta.

Informe sobre indicador IN47G	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23
Os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemente das clases?	3,49	3,61	3,49	3,43	3,58
Coñece o nivel de comprensión dos alumnos/as?	4,00	4,09	4,20	4,15	4,05
Globalmente estou satisfeito co traballo realizado polo alumnado?	3,56	3,72	3,51	3,48	3,52
Os estudantes están satisfeitos con meu labor?.	3,81	4,00	3,89	3,62	3,86
O material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade son adecuados?	4,56	4,09	4,38	4,31	4,20
A coordinación entre materias e niveis do título é adecuada?	4,34	4,37	4,00	4,27	3,95
Estou interesado en recibir formación de apoio para mellorar a miña docencia?	4,46	4,25	3,84	4,08	4,39
Organizo e estruturo ben as miñas clases?	4,68	4,36	4,49	4,54	4,50
Informo adecuadamente aos alumnos dos criterios de avaliación?	4,90	4,66	4,71	4,87	4,75
Son accesible para os estudantes en clases e tutorías?	4,95	4,55	4,69	4,71	4,75
Manteño un trato corecto cos estudantes?	4,87	4,57	4,69	4,87	4,80
Estou satisfeito coa titorización do TFG?	3,79	4,20	4,29	4,24	4,06
En xeral, estou satisfeito coa miña labor docente?	4,44	4,23	4,24	4,19	4,34
O nivel co que chega o alumno é suficiente para enfrentarse aos contidos da materia?	---	3,56	3,02	---	---
Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e tutorías?	---	---	---	---	---
Os estudantes mostran unha actitude de interés pola materia?	---	---	---	---	---
A coordinación entre os distintos profesores da materia foi efectiva?	---	---	---	---	---
No centro dispoño cos recursos necesarios para a docencia?	---	---	---	---	---
Mantivo unha comunicación adecuada cos estudantes?	---	4,52	4,57	---	---
Estou satisfeito coas ferramentas dispoñibles para a docencia?	---	3,22	3,58	---	---
Experiencia previa en tecnoloxías para a avaliación en remoto?	---	3,7	3,89	---	---
Satisfacción coa docencia non presencial?	---	3,69	3,77	---	---
Satisfacción coa avaliación non presencial?	---	3,34	3,15	---	---
Interesados en recibir formación para a mejora de la docencia en nuevas tecnologías (%)	---	---	---	---	---
Interesados en recibir formación para la mejora de la docencia en apoyo didáctico y pedagógico (%)	---	---	---	---	---
Valor medio del título	4,32	4,03	4,02	4,21	4,21

En xeral, as puntuacións máis baixas están nas respostas relativas á participación e o traballo dos estudantes.

C) Satisfacción do profesorado coa titulación

No curso 2022-2023 (2502236_INF.23_2022_2023), dita enquisa tivo unha taxa de resposta do 53,19%, obtendo un valor medio de 4,03, cunha pouca máis de participación e cun resultado medio similar ao do curso pasado. Destacan boas respostas en canto ao uso do Campus Virtual, a boa atención do persoal de administración e servizos, unha titulación ben organizada ou o calendario das probas de avaliación.

As baixas puntuacións van relacionadas coa pouca planificación académica dos estudantes, a irregularidade de asistencia a clase e a non implicación na titulación.

Os resultados da enquisa para o curso 2022-2023 móstranse na seguinte táboa.

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2022/2023
Pregunta	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	3.96
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	4.32
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	4.12
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	4.12
O campus virtual facilita a miña labor docente?	4.68
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	3.96
Os horarios existentes son axeitados?	4.08
A carga de traballo está ben distribuída?	4.24
O calendario de probas de avaliación é razoable?	4.40
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	3.72
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	4.20
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	4.21
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	4.30
Valora a calidade docente da túa titulación.	4.20
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	3.72
O alumnado acode con regularidade ás clases?	3.08
O alumnado implicase na titulación?	3.33
O alumnado está satisfeito coa titulación?	3.71
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación.	4.13

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	3.76	4.14	4.11	4.03
Participación	40.43%	43.90%	51.28%	53.19%

D) Satisfacción dos egresados coa titulación

Con respecto á Enquisa de Satisfacción de egresados/as coa titulación cabe sinalar que o valor do indicador (IN42G) está obtido para todas as titulacións da USC, sen desagregar por títulos, polo que no ten sentido tomalo como indicador da satisfacción dos egresados desta titulación. De tódolos xeitos para o curso 2022-23 non foi subministrado o valor deste indicador.

✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética

A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

De acordo cos indicadores remitidos pola Area de Calidade (2502222_INF.13_2022_2023.pdf), a taxa de resposta a esta enquisa foi do 15,91%, sensiblemente inferior á de cursos anteriores. O modelo de enquisa foi modificado no curso 2019-20 para reflectir máis adecuadamente a nova realidade imposta pola situación sanitaria. Sete dos ítems non sufriron variacións significativas e puideron incorporarse á serie histórica. Para os catro restantes só se presentan datos a partir da súa implantación (cursos 2019-20 e 2020-21). Nos incorporados á serie histórica non se detectaron diferenzas significativas respecto aos valores de cursos anteriores ou respecto á media quinquenal.


Co fin de incrementar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción a Comisión de título propón a Comisión de Calidade que dende o centro se tomen medidas efectivas que teñan continuidade no tempo polo que estas medidas deberán ser contempladas como accións estratéxicas e polo tanto, recollidas na elaboración do Plan Estratéxico da Facultade. Por este motivo propónse a acción de mellora **AMF2324-2**:

AMF2324-2.- Contemplar como accións estratéxicas, con continuidade no tempo, a planificación e realización de actividades que fomenten a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23	Media 5a
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente.	4,17	4,02	-	4,20	3,99	4,10
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto.	4,30	4,13	-	4,29	4,16	4,22
Indica de antemán os criterios de corrección	3,93	3,70	-	4,08	3,90	3,90
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia.	3,77	3,69	3,77	3,98	3,71	3,78
O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia.	3,57	3,61	-	3,93	3,73	3,71
Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma.	3,31	3,35	-	3,74	3,59	3,50
Os contidos desenvólense de acordo co cronograma da materia	4,18	3,94	-	4,21	4,09	4,11
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes.	3,94	3,79	-	4,17	4,08	4,00
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación.	3,75	3,48	-	3,85	3,60	3,67
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade.	3,82	3,66	-	4,07	3,88	3,86
O docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa	3,50	3,62	-	3,85	3,78	3,69
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións.	-	-	-	-	-	-
De xeito global, a comunicación co docente foi axeitada	-	3,47	3,92	-	-	3,70
Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia.	-	-	-	-	-	-
Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia.	3,55	3,60	3,77	3,95	3,89	3,75
Os contidos desenvólense de acordo co cronograma da materia previsto antes da crise do Covid-19	-	3,75	4,01	-	-	3,88
O docente motivou a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase.	3,58	3,59	3,75	3,78	3,60	3,66
O docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, a. virtual, correo-e...)	4,08	3,99	4,07	4,30	4,23	4,13
O docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, correo-e...)	-	3,23	3,62	-	-	3,43
Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc) fóronme de axuda na preparación da materia	-	3,36	3,69	-	-	3,53
A carga de traballo (tarefas, lecturas...) foi adecuada aos contidos e créditos da materia	-	3,48	3,93	-	-	3,71
De xeito global, a comunicación co docente foi axeitada	-	3,47	3,92	-	-	3,70
O docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia	3,64	3,50	-	3,85	3,85	3,71
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia.	3,71	3,65	3,81	3,91	3,80	3,78
Valor medio (GNHD)	3,80	3,71	-	4,01	3,87	3,85
Porcentaxe de participación (GNHD)	35,81	18,23	33,81	21,50	15,91	25,05
Valor medio na universidade (estudos de grao)	-	-	-	-	-	-
Porcentaxe de participación (Universidade)	-	-	-	-	-	-

Tal e como revelan os datos anteriores, a valoración por parte dos estudantes da docencia recibida mostra unha tendencia estabilizada en valores elevados, tanto no referente ó valor medio global (IN46G, que acadou no curso 2022-23 un valor de 3,87, lixeiramente superior á media quinquenal), como a cada un dos ítems avaliados. O indicador de satisfacción dos profesores coa docencia impartida (IN47G) non sufriu desviacións de importancia respecto da serie histórica ou da media quinquenal.


	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	Media 5a
IN42G Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3,68	-	3,39	3,32	-	3,46
IN46G Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,80	3,56	3,82	4,01	3,87	3,81
IN47G Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4,36	4,16	4,11	4,33	4,41	4,27



B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

A taxa de participación nesta enquisa foi do 68,1%, das máis elevadas de toda a serie histórica (media, 53,7%). A valoración media no curso 2022-23 (4,41) constitúe o valor máximo da serie histórica.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23	Media 5a
As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases	3,31	3,61	3,86	3,70	3,74	3,79	3,74
Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as	4,16	3,87	3,97	3,88	4,09	3,91	3,94
Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases	3,61	3,76	3,97	3,90	3,79	3,98	3,88
Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente	-	-	4,14	4,18	3,81	4,00	4,03
O nivel co que chega o alumnado é suficiente para afrontar os contidos da materia	3,22	3,95	3,59	3,58	-	-	3,71
O material e servizos de apoio á docencia existentes na USC son axeitados para a materia	4,37	4,29	3,58	4,03	4,45	4,43	4,16
A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada	3,86	3,92	4,11	3,73	3,69	4,04	3,90
Estou interesado/a en recibir formación para a mellora da docencia (novas tecnoloxías)	46,0%	46,0%	4,70	4,25	4,50	4,59	3,70
Organizo e estruturo ben as miñas clases	-	4,84	4,76	4,55	4,71	4,75	4,72
Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia	-	4,95	4,89	4,74	4,96	4,94	4,90
Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías	-	4,95	4,97	4,74	4,96	4,92	4,91
Manteño un trato correcto cos estudantes	-	4,92	5,00	4,70	4,91	4,94	4,89
Estou satisfeito coa titorización do TFG/TFM	-	4,70	4,73	4,54	4,17	4,47	4,52
En xeral, estou satisfeito coa miña labor docente	-	4,78	4,76	4,50	4,47	4,60	4,62
As/os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto	3,63	-	-	-	-	-	-
Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías	4,02	-	-	-	-	-	-
A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva	4,45	-	-	-	-	-	-
No centro, conto cos recursos necesarios para a docencia	4,34	-	-	-	-	-	-
Estou interesado/a en recibir formación para a mellora da docencia (apoio didáctico e pedagóxico)	47,0%	-	-	-	-	-	-
Mantiven unha comunicación axeitada co estudiantado (correo-e, Campus Virtual, TEAMS, etc...)	-	-	4,40	4,78	-	-	4,59
Estou satisfeito coas ferramentas, instrumentos e canais postos á miña disposición para doc - aval	-	-	3,35	3,77	-	-	3,56
Valora a túa experiencia previa no uso de tecnoloxías para a doc - aval en remoto	-	-	3,63	3,60	-	-	3,62
Estou satisfeito co desenvolvemento da docencia non presencial derivada da crise sanitaria	-	-	3,31	3,58	-	-	3,45
Estou satisfeito co desenvolvemento da avaliación non presencial derivada da crise sanitaria	-	-	3,06	3,55	-	-	3,31
Valoración media (GNHD)	3,90	4,37	4,15	4,11	4,33	4,41	4,27
Porcentaxe de participación (GNHD)	61,7	41,7	38,9	48,9	71,1	68,1	53,7
Valoración media (Universidade)	-	-	-	-	-	-	-
Porcentaxe de participación (Universidade)	-	-	-	-	-	-	-



C) Satisfacción do profesorado coa titulación

No curso 2022/2023 (2502222_INF.23_2022_2023.pdf) cumprimentou a enquisa un 48,9% do profesorado, cunha valoración global de 4,27, que segue a lixeira tendencia ascendente dos cursos anteriores. Os ítems máis destacados na enquisa están en relación coa excelente atención prestada polo Persoal de Administración e Servizos, e coa importante axuda que supón o Campus Virtual na labor docente. O ítem peor valorado é o relacionado coa irregular asistencia ás clases por parte do alumnado, cunha preocupante tendencia en descenso progresivo.

Os resultados da enquisa preséntanse na seguinte táboa.

Satisfacción do profesorado coa titulación	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23	Media 4a
1 Consideras que a inform. que tes sobre a túa titulac. é axeitada? (organiz, xestión, plan estudos, compet)	N/A	4,28	4,59	4,33	4,35	4,39
2 Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	4,61	4,86	4,71	4,78	4,74
3 Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	3,72	4,36	4,29	4,61	4,25
4 As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	3,94	4,41	4,38	4,39	4,28
5 O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	4,33	4,67	4,67	4,77	4,61
6 As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	4,11	4,38	4,19	4,22	4,23
7 Os horarios existentes son axeitados?	N/A	4,39	4,27	4,19	4,00	4,21
8 A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	4,17	3,86	4,24	3,96	4,06
9 O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	4,33	4,19	4,43	4,41	4,34
10 As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	3,89	4,00	4,05	4,09	4,01
11 A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	4,22	3,91	4,33	4,30	4,19
12 O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	4,22	4,05	4,05	4,32	4,16
13 En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	4,22	4,27	4,33	4,32	4,29
14 Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	4,22	4,24	4,37	4,38	4,30
15 O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	4,11	4,05	4,00	4,30	4,12
16 O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	4,06	3,82	3,81	3,61	3,83
17 O alumnado implícase na titulación?	N/A	3,67	3,73	3,86	3,91	3,79
18 O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	3,94	3,91	3,95	4,00	3,95
19 En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	N/A	4,28	4,45	4,33	4,39	4,36
Valoración global (GNHD)	N/A	4,14	4,21	4,24	4,27	4,22
Porcentaxe de participación (GNHD)	N/A	33,3	48,6	46,7	48,9	44,4

D) Satisfacción dos egresados coa titulación

Con respecto á Enquisa de Satisfacción de egresados/as coa titulación cabe sinalar que o valor do indicador (IN42G) está obtido para todas as titulacións da USC, sen desagregar por títulos, polo que no ten sentido tomalo como indicador da satisfacción dos egresados desta titulación. De tódolos xeitos para o curso 2022-23 non foi subministrado o valor deste indicador.

✧ **Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos**

A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

A Non se discute a satisfacción do alumnado coa docencia xa que verbo da entrada en extinción do MEPA a partires do curso 2022-23, no curso de referencia non se impartiu docencia expositiva, e as únicas materias viventes foron Prácticas en Empresa e TFM. Polo exposto non se dispón de enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia impartida, e carece de sentido reflexión algunha neste apartado.

Os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación se presenta no Informe 4316983_INF.22_2022_2023, si ben este é un informe que debe matizarse xa que se debe a unha única enquisa, polo que soamente reflicte a opinión de un alumno.



ÁREA DE CALIDADE E MELLORA
DOS PROCEDEMENTOS

Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

Satisfacción do alumnado coa titulación

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	N/A	N/A	N/A	4.00
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	N/A	N/A	N/A	3.00
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	N/A	N/A	5.00
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	N/A	N/A	N/A	4.00
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	N/A	N/A	5.00
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	N/A	N/A	N/A	5.00
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	N/A	N/A	N/A	5.00
Os horarios deste cursos foron axeitados?	N/A	N/A	N/A	1.00
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	N/A	N/A	4.00
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	N/A	N/A	4.00
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	N/A	N/A	5.00
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	N/A	N/A	N/A	4.00
A oferta de prácticas é atractiva?	N/A	N/A	N/A	4.00
A xestión do TFM é axeitada	N/A	N/A	N/A	4.00
A oferta dos TFM é interesante?	N/A	N/A	N/A	3.00
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación neste curso.	N/A	N/A	N/A	4.00
Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	N/A	N/A	4.50	4.00
Participación	N/A	N/A	12.50%	20.00%

A maior parte das repostas valóranse entre 4 e 5, amosando un axeitado grao de satisfacción. Sen embargo hai dúas respostas que deben analizarse por separado. Por unha parte, o valor de 1 dado á pregunta “Os horarios dos cursos

foron axeitados” e sorprendente, xa que no curso 2022-23 non houbo horarios docentes de materias expositivas. Os horarios das Prácticas en Empresa establecéronse de acordo coa propia empresa que oferta as prácticas, e os TFM non teñen horarios, salvo as datas de depósito e defensa do mesmo. Por tanto descoñécese a que se refire esta baixa cualificación (salvo que se considere o 1 como “non procede”). En segundo lugar, a outra pregunta que se responde cun valor inferior a catro (3) é a que inquire sobre si a información dispoñible sobre a titulación e dabondo. O MEPA dispón dunha páxina Web completa, e tanto a Decana do Centro como o Coordinador do máster complementa dita información en charlas nas aulas.

B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Non se discute a satisfacción do profesorado coa docencia xa que verbo da entrada en extinción do MEPA a partires do curso 2022-23, no curso de referencia non se impartiu docencia expositiva, e as únicas materias viventes foron Prácticas en Empresa e TFM. Polo exposto non se dispón de enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, e carece de sentido reflexión algunha neste apartado.

C) Satisfacción do profesorado coa titulación

Non se discute a satisfacción do profesorado coa titulación xa que verbo da entrada en extinción do MEPA a partires do curso 2022-23, no curso de referencia non se impartiu docencia expositiva, e as únicas materias viventes foron Prácticas en Empresa e TFM. Polo exposto non se dispón de enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación, e carece de sentido reflexión algunha neste apartado.

D) Satisfacción dos egresados coa titulación

A O grao de **satisfacción dos egresados do máster** non se comenta xa que nas enquisas de satisfacción que a USC desenvolveu ao longo do curso de referencia para coñecer este aspecto entre os egresados ningunha das respostas correspondeu a egresados do MEPA.

✧ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**

A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

A taxa de resposta a esta enquisa foi do 4,55%, moi inferior a taxa de resposta do curso anterior (47,37%). A valoración global foi de 4,90 sobre 5 mellorando os dos cursos anteriores. Ademais, o alumnado mostra unha boa satisfacción coa docencia recibida en tódolos ítems, sendo a nota máis baixa 4,75 sobre 5.

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias
(P1221P01)

Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	4.00	4.43	N/A	4.94	5.00
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	4.08	4.39	N/A	4.94	5.00
Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?	3.88	4.00	N/A	4.77	5.00
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	4.03	4.36	N/A	4.85	4.75
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resultame útil para a preparación da materia?	3.95	4.29	N/A	4.92	4.89
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	3.97	4.30	N/A	4.88	4.78
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	3.99	4.41	N/A	4.87	4.89
Os contidos desenvólense de acordo co cronograma temporal da materia?	3.98	4.25	N/A	4.90	4.89
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	4.01	4.29	N/A	4.81	4.89
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	4.15	4.71	N/A	4.92	4.89
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?	4.16	4.46	N/A	4.88	4.88
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?	4.03	4.50	N/A	4.90	4.88
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)?	4.13	4.29	N/A	5.00	5.00
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	3.99	4.32	N/A	4.83	4.89
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	4.00	4.41	N/A	4.85	4.89
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	4.01	4.36	N/A	4.85	4.89
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	4.02	4.36	N/A	4.88	4.90
Participación	85.71%	60.0%	N/A	47.37%	4.55%

A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación mostra que neste curso 2022/2023 a participación foi a mais alta dos últimos catro anos, pasando do 2,86% do curso anterior a un 13,89% neste curso. Os alumnos estiveron principalmente descontentos ca carga de traballo e co equilibrio do contido teórico-práctico. Pero en xeral, a valoración global (3,85 sobre 5) foi mellor que a dos cursos anteriores. Como punto forte, destaca a valoración dos recursos educativos co uso do campus virtual (4,80 sobre 5) e a atención prestado polo persoal de administración e servizos foi moi boa (4,60 sobre 5).

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Satisfacción do alumnado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	N/A	4.50	4.00	5.00	4.60
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	N/A	3.00	3.00	4.00	4.40
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	3.50	4.00	5.00	4.60
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	N/A	2.50	1.00	4.00	4.00
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	2.50	3.00	5.00	4.40
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	N/A	3.00	3.00	4.00	4.20
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	N/A	3.50	5.00	4.00	4.80
Os horarios deste cursos foron axeitados?	N/A	2.00	3.00	1.00	3.20
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	2.00	3.00	4.00	3.00
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	3.50	4.00	5.00	3.80
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	1.50	1.00	2.00	2.60
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	N/A	2.50	2.00	3.00	3.40
A oferta de prácticas é atractiva?	N/A	1.00	2.00	3.00	3.40
A xestión do TFM é axeitada	N/A	2.00	2.00	3.00	3.60
A oferta dos TFM é interesante?	N/A	3.00	3.00	3.00	3.80
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso.	N/A	2.50	3.00	4.00	3.80
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	
Valoración global	N/A	2.73	2.88	3.69	
Participación	N/A	7.41%	3.33%	2.86%	

B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

Como pode verse pola respostas do 37,74% dos docentes, neste curso 2022/2023 pode asumirse un grao de satisfacción elevado do profesorado coa docencia impartida (4,48 sobre 5), similar a do curso anterior (4,5 sobre 5). É moi destacable a alta valoración que se fai do trato correcto cos estudantes (4,88) e que se informa axeitadamente ao alumando dos criterios de avaliación (4,8). Por contra, o profesorado valora ca puntuación mais baixa a coordinación entre distintas materias (3,84). Aínda que o valor pode considerarse aceptable, é un indicativo de que será necesario revisar e mellorar.

Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias
(P1221P01)

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media
O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?	4.24	N/A	N/A	4.25	4.00
Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as?	4.12	N/A	N/A	4.21	4.32
Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases?	4.06	N/A	N/A	4.33	4.28
Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia?	4.24	N/A	N/A	4.38	4.44
O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,?) son axeitados para o desenvolvemento da materia?	3.94	N/A	N/A	4.38	4.16
A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?	3.94	N/A	N/A	4.17	3.84
Estou interesada/o en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.)?	4.00	N/A	N/A	4.25	4.40
Organizo e estruturo ben as miñas clases?	4.71	N/A	N/A	4.75	4.84
Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia?	4.88	N/A	N/A	4.92	4.88
Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e tutorías?	4.94	N/A	N/A	4.88	4.84
Manteño un trato correcto cos estudantes?	4.94	N/A	N/A	4.92	4.88
Estou satisfeita/o coa titorización do TFG/TFM	4.59	N/A	N/A	4.38	4.60
En xeral, estou satisfeita/o coa miña labor docente?	4.53	N/A	N/A	4.71	4.72
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	4.39	N/A	N/A	4.50	4.48
Participación	30.61%	N/A	N/A	41.18%	37.74%

C) Satisfacción do profesorado coa titulación:

Como pode verse pola respostas do 33,96% dos docentes, neste curso 2022/2023 pode asumirse un grao de satisfacción elevado do profesorado coa titulación (3,91 sobre 5), pero inferior a dos curso anteriores. En xeral, valóranse positivamente aspectos organizativos do título, a calidade docente do título, e a capacidade dos alumnos para afrontar o máster e a súa implicación no título. É moi destacable a alta valoración que se fai da atención prestada polo persoal de administración e servizos (4,33), o campus virtual (4,56) e a asistencia a clase do alumnado (4,50 sobre 5).

Por contra, o profesorado valora ca puntuación mais baixa a coordinación dos docentes (3,11) o equilibrio dos contidos teórico-prácticos (3,33), e os horarios do título (3,33). E aínda que os valores poden considerarse aceptables, será necesario darlle seguimento e mellorar.

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	4.44	4.06	4.27	3.94
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	N/A	4.50	4.40	4.80	4.33
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	4.00	4.13	4.40	4.11
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	4.06	4.07	4.27	4.00
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	4.75	4.31	4.80	4.56
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	4.25	4.13	4.13	4.06
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	4.00	3.44	3.93	3.33
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	4.13	3.69	3.67	3.50
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	4.63	4.25	4.60	4.50
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	4.31	3.75	3.73	3.11
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	N/A	3.94	3.94	3.93	3.33
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	4.06	4.06	4.14	3.78
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	4.06	3.75	3.80	3.67
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	4.19	4.19	4.13	3.89
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	4.63	4.44	4.47	4.00
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	4.56	4.75	4.73	4.50
O alumnado implícase na titulación?	N/A	4.31	4.44	4.33	3.72
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	4.25	4.13	4.27	4.06
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación.	N/A	4.25	4.13	4.27	3.89
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022	
Valoración global	N/A	4.28	4.11	4.25	
Participación	N/A	32.65%	34.04%	29.41%	

D) Satisfacción dos egresados coa titulación:

Para o curso 2022-23 non dispoñemos de datos de satisfacción dos egresados.

Resultados da aprendizaxe. Indicadores de rendemento

Na táboa seguinte sinálase a evolución dos indicadores globais para o centro relacionados cos resultados da aprendizaxe nos últimos cursos académicos (G: grao; M: máster):

Código	Descrición	Curso (2018-2019)	Curso (2019-2020)	Curso (2020-2021)	Curso (2021-2022)	Curso (2022-2023)
IN34CG	Taxa de rendemento	74,85	85,85	76,29	77,96	79,29
IN34CM	Taxa de rendemento	97,6	97,17	93,23	93,26	91,61
IN35CG	Taxa de éxito	81,20	89,94	81,43	83,37	84,29
IN35CM	Taxa de éxito	99,59	100,00	99,67	99,38	100
IN36CG	Taxa de avaliación	92,1	95,44	93,7	93,5	94,6
IN36CM	Taxa de avaliación	98	97,17	93,54	93,84	91,61
IN37CG	Taxa de graduación	54,79	42,19	51,95	49,28	48,15
IN37CM	Taxa de graduación	85,71	87,50	78,26	73,33	66,67
IN38CG	Duración media dos estudos	4,69	4,59	4,58	5,07	5,16
IN38CM	Duración media dos estudos	2,06	2,32	2	2	2,22
IN40CG	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	19,48	18,84	18,52	20,37	16,38
IN41CG	Taxa de abandono RD 1393/2007	27,4	40,63	24,68	26,09	27,78
IN41CM	Taxa de abandono RD 1393/2007	7,14	5,00	4,35	6,67	12,50
IN50CG	Taxa de éxito dos egresados	85,07	87,91	88,6	86,22	83,42
IN50CM	Taxa de éxito dos egresados	99,35	95,91	98,02	97,07	96,43
IN51CG	Taxa de idoneidade na graduación	36,99	32,81	35,06	29,63	33,33
IN53CG	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	85,07	87,91	87,71	84,75	81,08
IN53CM	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	99,35	95,91	97,49	97,07	94,08

Compre destacar que a taxa de rendemento e a taxa de éxito mantiveron neste curso valores similares aos alcanzados o curso pasado en tódalas titulacións de grao, e mantivéronse moi estables nos mestrados durante os últimos cinco anos.. A taxa de avaliación nos graos tamén alcanzou valores elevados este último curso.

A taxa de abandono (**IN41CG e IN41CM**) (grao de non continuidade dos estudantes en cursos superiores) nos graos presenta valores lixeiramente superiores aos alcanzados o curso pasado, aínda que este valor de centro non reflicte realmente a situación dos graos, xa que no grao en Bioquímica a taxa de abandono é 0; en GEPQI é 4,76, pero en GNHD é do 42,42%. Nos mestrados esta taxa foi moi superior á de anos anteriores e en cada máster púidose detectar un comportamento diferente; no MEPA a taxa toma un valor do 10% mentres que no MINSTA o valor é do 25%.

A duración media dos estudos de grao (**IN38CG**) é de 5,16 observándose que practicamente non hai diferenza co curso 2021-22; mentres que nos mestrados (**IN38CM**) a duración media nos últimos anos mantense ao redor de 2. A Taxa de eficiencia dos titulados dos graos (**IN53CG**) é do 81,08% mentres que nos mestrados (**IN53CM**) é do 94,08%. Na taxa de idoneidade na graduación (**IN51CG**) obsérvase no curso 2022-23 un lixeiro incremento respecto ao curso anterior. En canto á taxa de éxito dos egresados dos graos (**IN50CG**), pódese sinalar que se mantén sempre por encima do 80%, mentres que nos mestrados (**IN50CM**) atópase en valores excelentes, sempre por encima do 95%. Todos estes valores son analizados e comparados de xeito desagregado en cada unha das titulacións de cara a revisión e mellora dos respectivos programas formativos.

Análise dos resultados de cada título

Os datos das taxas de éxito (2504170_INF17_2022-2023.pdf), de rendemento (2504170_INF18_2022-2023.pdf) e de avaliación (2504170_INF19_2022-2023.pdf) desagregados por materias correspondentes ao curso (2022-2023) recóllense nos informes de resultados de cada unha das titulacións publicados na Web de calidade do centro.

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-ciencias/calidad/documentacion-sgc>

✧ Grao en Bioquímica

As taxas de rendemento (89,1%), de éxito (90,85%) e de avaliación (98,08%) superaron tamén neste curso os valores previstos na memoria do título que eran do 82% e do 87% respectivamente para as taxas de rendemento e de éxito; e tamén superan a media dos valores da USC (2504170_MedUSC_2022_2023). Estes datos pódense ver na seguinte táboa:

Código	Nome	Med USC 22-23	2020-21	2021-22	2022-23
IN34G	Taxa de rendemento (%)	80,29	87,27	87,32	89,1
IN35G	Taxa de éxito (%)	87,67	90,35	89,9	90,85
IN36G	Taxa de avaliación (%)	91,58	96,59	97,13	98,08

Como se pode observar na táboa, apréciase un aumento nos valores obtidos neste curso respecto a os dous anteriores.

Os datos das taxas de éxito (2504170_INF17_2022-2023.pdf), de rendemento (2504170_INF18_2022-2023.pdf) e de avaliación (2504170_INF19_2022-2023.pdf) desagregados por materias correspondentes ao curso (2021-2022) recóllense nos informes de resultados de cada unha das titulacións publicados na Web de calidade do centro.

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-ciencias/calidad/documentacion-sgc>

Os valores son elevados en case todas as materias. Os valores máis baixos adoitan coincidir con materias que requiren coñecementos básicos procedentes do ensino secundario e/ou materias que inicialmente os alumnos non perciben como directamente relacionadas coas súas necesidades de coñecemento do campo da bioquímica, o cal fai algo máis complexa a dirección da aprendizaxe por parte dos docentes.

✧ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Na táboa seguinte amósase a evolución dos principais indicadores de resultados do título:

GRADO EN INGENIERÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIALES - INDICADORES Y DATOS

Indicador		Curso	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23
Resultados do Título	IN34G Taxa de Rendemento (%)		65,6	74,8	63,1	62,8	59,1
	Taxa de rendemento por curso	1º	60,2	68,3	50,5	51,5	37,6
		2º	54,1	66,4	43,8	51,6	58,6
		3º	73,1	83,1	78,8	78,2	75,2
		4º	93,3	92,9	90,5	81,7	82,6
	IN35G Taxa de Éxito (%)		74,8	82,0	69,9	72,4	68,6
	Taxa de éxito por curso	1º	71,1	79,2	55,8	62,2	45,4
		2º	64,5	72,6	51,1	58,3	67,5
		3º	76,2	86,7	84,9	80,2	79,6
		4º	100,0	100,0	96,6	99,5	97,2
	IN36G Taxa de Avaliación (%)		87,7	91,2	90,2	86,8	86,2
	Taxa de avaliación por curso	1º	84,7	86,3	90,5	82,8	82,7
		2º	83,8	91,5	85,6	88,5	86,8
		3º	95,9	95,9	92,8	97,5	94,5
		4º	93,3	92,9	93,7	82,1	84,9
IN38G Duración media dos estudos (anos)		4,7	4,5	4,8	5,9	5,8	
IN37G Taxa de Graduación		50,0	32,0	27,0	20,8	42,6	
IN40G Taxa de Abandono durante o primeiro curso (%)		24,3	16,7	0,0	17,7	25,0	
IN41G Taxa de Abandono RD 1393/2007 (%)		35,0	48,0	35,1	37,5	4,8	
IN50G Taxa de Éxito dos egresados		84,9	90,2	88,0	77,0	77,0	
IN53G Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)		84,9	90,2	86,6	75,0	73,8	
IN51G Taxa de Idoneidade na graduación		30,0	28,0	10,8	19,1	11,8	

A) Taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación:

En canto aos valores globais do título, pódese apreciar que os valores medios dos últimos cinco anos para as taxas de rendemento (65,4%) e taxa de éxito (72,5%) presentan variacións entorn a 6%, mentres que o valor medio da taxa de avaliación (88,7%) tan só varía un 2%, é dicir, as variacións que presentan nos cinco anos son pouco significativas.

No que se refire aos valores desagregados por curso, o 4º curso segue coas tendencias aos valores máis elevados, se ben as taxas de éxito son do 97,2%, pero as outras taxas están en valores do 82-84%, polo que volve incidir no comentado anteriormente, as materias ás que se presentan as aproban pero hai algunhas das matriculadas que as descartan.

Como pode observarse na seguinte táboa o valor medio da USC (2022-2023) nas tres taxas é maior que o do grao, non obstante, os datos dispoñibles do SIIU (2502236_INF_SIIU_2022-2023) para o curso 2021-2022 nas Enxeñarías son da mesma orde que os obtidos no GEPQI.

Comparativa das taxas de rendemento, éxito e avaliación nas Enxeñarías, na USC e no GEPQI			
	Taxa de rendemento (%)	Taxa de éxito (%)	Taxa de Avaliación (%)
Enxeñarías (2502236_INF.SIIU_2022-2023)*	65,50	77,97	84,01
Media Área USC (2502236_MedUSC_2022-2023)	69,90	80,22	87,13
GEPQI	59,12	68,61	86,17

*Datos Curso 2021-2022

Este comportamento indica que os estudantes descartan presentarse a menos materias que na media das enxeñarías, polo que a taxa de éxito é un pouco menor á media das Enxeñarías.

Estes indicadores poden verse afectados por levar estes anos de adaptación da 2ª edición do título, coas modificacións do Plan de Viabilidade, nos que houbo unha acumulación de alumnos repetidores nalgúns materias, mesmo no propio TFG.

B) Taxa de abandono.

A taxa de abandono durante o primeiro curso (**IN40G**) foi do 25%, é un pouco máis alta que a Media da Área (19,92%), tendo en conta que a comezos do curso 2022-2023 houbo noticias en prensa sobre ameazas de peche do título por baixa demanda e duplicidade por parte da USC que xeraron inquedanzas entre os estudantes matriculados en primeiro curso, pode que os levaran a abandonar o título ou ir a outra universidade. Por outra parte, somos coñecedores que hai estudantes que inician estudos neste título porque a súa nota das probas de acceso á universidade non lle permitiron estudar o título desexado, feito que leva en moitos casos a un cambio de título.

Os datos recollidos no SIIU (**2502236_INF SIIU_2022-2023**) para o curso 2021-2022 nas Enxeñarías indican que o valor da taxa de renovación (Novo ingreso/Matriculados) está no 25%, mentres que no caso do GEPQI é menor, do 19,5%.

A taxa de abandono RD 1393 (4,76%) é moito máis baixa que a Media da Área: 20,93%, mostra que os estudantes que estaban acumulados nos últimos cursos conseguiron ser egresados e non abandonar o título.

C) Duración media dos estudos:

A Comisión do Título é perfectamente coñecedora de que algúns estudantes que teñen todas as materias superadas, e aos que tan só lles resta para rematar os estudos o Tránsito de Grao, retrasan a presentación do mesmo, sen que ata o momento se coñezan todas as causas deste comportamento. Non obstante, considérase que un resultado de 5,8 anos é axeitado para un título da rama de enxeñaría (5,4 para o curso 2021-2022 (**2502236_INF SIIU_2022-2023**)).

D) Taxas de Graduación e Idoneidade dos egresados:

As taxa de graduación (**IN37G**) é do 47,62%, moi superior ó curso anterior, xa que neste curso graduáronse moitos alumnos acumulados repetidores na defensa do TFG polo cambio de Plan de Estudos (Segunda Edición do GEPQI), e a de idoneidade na graduación (**IN51G**) é de 11,76%, que descende con respecto ao curso anterior debido a que moitos dos egresados deberían ser xa titulados en anos anteriores. As taxas de eficiencia (ou rendemento, **IN53G**) e a de éxito dos egresados (**IN50G**) non teñen cambios significativos (74% e 77%, respectivamente).

A Comisión do Título considera que a disparidade destes indicadores ao longo da serie histórica débese a heteroxeneidade das diferentes cohortes de acceso, por exemplo, o número de estudantes de cada cohorte ás veces oscila nun 30%, ou que sexan estudantes que entraron porque querían facer o título ou que accederon porque non puideron entrar no título que querían.



Os resultados obtidos nas distintas taxas poden ser froito do cambio de Plan de Estudos no 2017 e que se arrastra ata o curso 2022-2023; espérase que haxa unha normalización nas próximas promocións.

✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética

A evolución dos principais indicadores de satisfacción e rendemento durante os últimos 5 cursos móstrase nas táboas seguintes. Como marco de referencia inclúense os indicadores globais para a USC ([2502222_MedUSC_2022-2023.pdf](#)) e, cando están dispoñibles, para o SUE (globais e área de ciencias da saúde, *Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2021-2022*, MU). En termos xerais, tanto a taxa de graduación como a duración media dos estudos están en valores semellantes aos datos históricos da USC e o SUE. A duración media dos estudos (**IN38CG**) foi, un ano máis, sensiblemente máis favorable que o valor medio para a USC e para a media da área de ciencias da saúde (aínda que é difícil valorar este dato ao coexistir no SUE titulacións de ciencias da saúde con duracións de 4, 5 e 6 anos). Con respecto ao indicador **IN39CG**, Eficiencia dos Titulados, non dispoñemos de datos xa que non se actualiza desde o curso 2014-15.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	Media 5a
IN34CG Taxa de rendemento	79,68	91,32	80,95	82,14	82,35	83,29
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	84,90	90,60	86,50	-	-	87,33
MEDIA GLOBAL (SUE)	78,00	84,60	80,40	-	-	81,00
MEDIA GLOBAL (USC)	79,49	88,71	80,97	79,09	80,29	81,71
IN35CG Taxa de éxito	84,40	93,57	85,29	85,94	86,54	87,15
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	90,34	94,90	91,80	-	-	92,35
MEDIA GLOBAL (SUE)	88,10	91,90	89,10	-	-	89,70
MEDIA GLOBAL (USC)	87,78	94,17	87,92	87,21	87,67	88,95
IN36CG Taxa de avaliación	94,41	97,60	94,92	95,58	95,15	95,53
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	93,99	95,40	94,30	-	-	94,56
MEDIA GLOBAL (SUE)	88,50	92,10	90,3	-	-	90,30
MEDIA GLOBAL (USC)	90,55	94,21	92,09	90,68	91,58	91,82
IN37CG Taxa de graduación	56,60	48,72	75,00	64,44	48,48	58,65
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	73,12	68,90	69,70	-	-	70,57
MEDIA GLOBAL (SUE)	48,90	48,60	50,20	-	-	49,23
MEDIA GLOBAL (USC)	58,23	58,53	62,06	63,21	61,27	60,66
IN38CG Duración media dos estudos	4,68	4,60	4,50	4,58	4,64	4,60
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	5,41	5,40	5,80	-	-	5,54
MEDIA GLOBAL (SUE)	4,80	4,80	4,90	-	-	4,83
MEDIA GLOBAL (USC)	5,06	5,06	5,07	4,95	4,75	4,98
IN39G Eficiencia dos titulados	-	-	-	-	-	-
IN40CG Taxa de abandono durante o 1º curso (Grao)	15,00	20,00	30,30	21,62	20,00	21,38
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	12,06	17,40	17,70	-	-	15,72
MEDIA GLOBAL (SUE)	21,50	21,70	21,80	-	-	21,67
MEDIA GLOBAL (USC)	15,88	16,64	15,96	13,49	15,05	15,40
IN41CG Taxa de abandono RD1393	24,53	35,90	15,00	20,00	42,42	27,57
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE (SUE)	14,77	17,31	-	-	-	16,04
MEDIA GLOBAL (SUE)	-	-	-	-	-	-
MEDIA GLOBAL (USC)	22,10	23,01	21,63	21,70	20,63	21,81
IN42G Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3,68	-	3,39	3,32	-	3,46
IN46G Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,80	3,56	3,82	4,01	3,87	3,81
IN47G Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4,36	4,16	4,11	4,33	4,41	4,27
IN50CG Taxa de éxito dos egresados (%)	85,17	87,53	88,79	92,71	89,48	88,74
IN51CG Taxa de idoneidade na graduación (%)	39,62	35,90	57,50	36,36	43,24	42,52
IN53G Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)	85,17	87,53	88,08	91,70	88,13	88,12

A evolución da taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG) é bastante irregular, con porcentaxes que oscilan entre o 15% (2018-19) e o 30,3% (2020-21). No curso 2022-23 a taxa foi do 20,0%. Pola contra, a taxa de abandono calculada segundo o RD 1393/2007, que mide a porcentaxe de alumnos que abandonan despois do segundo curso, foi dun 42,4%.



Para valorar estas cifras nun contexto adecuado hai que ter en conta que a taxa de abandono ten dúas compoñentes: alumnos que abandonan definitivamente os estudos, e alumnos que cambian de titulación. A nivel nacional dispoñemos de indicadores para estas dúas variables: a taxa de abandono no primeiro ano, e a taxa de cambio de estudo no primeiro ano. De acordo cos datos publicados polo MU no seu documento *Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2022-2023*, nas titulacións da área de Ciencias da Saúde a taxa de abandono no primeiro ano é dun 17,3% para a cohorte 2018-19 (a última para a que se facilitan datos), que se acompaña dunha taxa de cambio de estudo no primeiro ano do 7,1%. Así, polo menos un 24,4% dos alumnos que en España inician estudos en titulacións da rama de Ciencias da Saúde non continúan ou cambian de titulación. Se calculamos o abandono real como (taxa de abandono no 1º ano - taxa de cambio de estudo no 1º ano) para os cursos 2015-16 a 2019-20 (os últimos para os cales dispoñemos de datos), podemos comprobar (ver táboa) que a taxa real de abandono no GNHD é bastante variable, con cursos nos que os datos son comparables cos do SUE para as titulacións do grupo "Outras Ciencias da Saúde", e cursos nos que a taxa no GNHD é sensiblemente superior. Este feito probablemente estea relacionado coa frecuente utilización do GNHD como unha "pasarela" temporal por parte de alumnos que non acadaron a nota de corte necesaria para entrar noutras titulacións da área de ciencias da saúde.

Curso		2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	MEDIA 5a
GNHD	Abandono 1er a	33,33	18,97	22,41	22,00	19,30	23,20
	Cambio 1er a	16,67	10,34	13,79	16,00	14,04	14,17
Otras CCSS SUE	Abandono 1er a	12,67	12,62	12,81	13,72	11,33	12,63
	Cambio 1er a	7,75	7,47	7,54	8,10	6,22	7,42
GNHD	Abandono real	16,67	8,62	8,62	6,00	5,26	9,03
Otras CCSS SUE	Abandono real	4,92	5,15	5,27	5,62	5,11	5,21

Os datos das taxas de éxito ([2502222_INF17_2021-2022.pdf](#)), de rendemento ([2502222_INF18_2021-2022.pdf](#)) e de avaliación ([2502222_INF19_2021-2022.pdf](#)) desagregados por materias correspondentes ao curso (2021-2022) recóllense nos informes de resultados de cada unha das titulacións publicados na Web de calidade do centro.

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-ciencias/calidad/documentacion-sgc>

Os valores son elevados en case todas as materias. Os valores máis baixos adoitan coincidir con materias que requiren coñecementos básicos procedentes do ensino secundario e/ou materias que inicialmente os alumnos non perciben como directamente relacionadas coas súas necesidades de coñecemento do campo da dietética e a nutrición, o cal fai algo máis complexa a dirección da aprendizaxe por parte dos docentes.

✧ **Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos**

Os resultados da taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación para os tres últimos cursos no MEPA son as que se indican na táboa seguinte, si ben estes datos teñen que manexarse con precaución pois corresponden a realidades diferentes, xa que no curso 2019-20 unicamente estaba implantado o primeiro curso do máster, mentres que no cursos 2020-21 e 2021-22 se impartiron os dous cursos do MEPA, e no curso 22-23 só queda activo o terceiro curso, ver4bo da entrada en extinción do MEPA antes comentada.

4316983 - Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

Codigo_IND	Nome_IND	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN35M	Taxa de éxito	100.0	98.39	100.0	100.0
IN36M	Taxa de avaliación	100.0	88.57	84.75	86.21
IN37M	Taxa de graduación	-	60.0	40.0	50.0
IN38M	Duración media dos estudos	-	2.0	2.0	2.4
IN41M	Taxa de abandono RD 1393/2007	-	0.0	20.0	25.0

Como pode verse, as taxas de éxito e avaliación do curso actual 2022-23 cursos citados son absolutamente aceptables e comparables cas de cursos anteriores non observándose cambios de maior calado dun curso ao seguinte.

A taxa de graduación do MEPA calculada por primeira vez en 2020-21, acadou o 60%, e no curso de referencia 2022-23 foi do 50%. Este feito require dunha explicación detallada. Unha certa parte do alumnado está a compaxinar a realización do MEPA co traballo en diversas empresas e institucións. Por elo, o segundo curso, no que se desenvolven as prácticas en empresa e a preparación e defensa do TFM, e difícil de compatibilizar co seu traballo profesional, polo que varios alumnos retrasan a defensa deste último TFM, normalmente para a primeira convocatoria do curso seguinte. Como o número de alumnos é baixo, que uns poucos deles non defendan en tempo e forma o seu TFM, e o adien para a convocatoria seguinte, ten efectos moi marcados no descenso deste indicador. Esta é a explicación dos valores do 60%, 40% e 50% acadados nos últimos cursos. Asemade, a explotación do indicador IN38M de duración media dos estudo proporciona un resultado de 2.4 anos, o que é coherente co antes dito (un primeiro curso para materias obrigatorias e optativas, e un segundo ano para prácticas en empresa e TFM, que ás veces se alonga unha convocatoria máis.

A comparación de resultados do MEPA coa media da USC se presenta na Táboa. Como pode verse esta comparativa presenta resultados comparables ou mellores para as taxas de rendemento, éxito e avaliación. No caso da taxa de gradación, acádase un valor claramente inferior polo xa comentado con anterioridade.

4316983 - Máster Universitario en Ingeniería de Procesado de Alimentos
P4221V01 - Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

Código	Nome	Valor título	Media Área	Media USC
IN34M	Taxa de rendemento	86,21	85,34%	88,67%
IN35M	Taxa de éxito	100	97,17%	98,70%
IN36M	Taxa de avaliación	86,21	87,94%	89,85%
IN37M	Taxa de graduación	50	73,86%	79,67%
IN38M	Duración media dos estudos	2,4	2,00	1,47

No que se refire aos resultados desagregados por materia, recollidos no Informe 4316983_INF15_2021-2022, se resumen a continuación consonte a tipoloxía de materia. Os resultados para as dúas materias impartidas (Prácticas en Empresa e TFM) foron satisfactorios en ambos casos. Si ben hai que destacar que dous alumnos matriculados en TFM non foron quen de defender o traballo en tempo e forma debido a incompatibilidade laboral.

INF 15 - Informe de cualificacións das materias do plan de estudos

Centro	Titulación	Plan Estudos	Contido			
5011 - Facultade de Ciencias	Alimentos Ingeniería de Procesado de Alimentos	4316983 - Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos	P4221V01 - Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos	P4221106 - Prácticas externas	2022/2023	
				Sobresaliente	5	100,00%
				P4221107 - Trabajo fin de máster	2022/2023	
				Aprobado	1	14,29%
				Matrícula de Honra	1	14,29%
Non Presentado	2	28,57%				
Sobresaliente	3	42,86%				

 ✧ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**

Os resultados do título plasmados nos indicadores de rendemento (92,15%), éxito (100 %) e avaliación (92,15 %) son moi bos se os comparamos con os previstos na memoria do título, onde estimábase un 90% para estes indicadores. O indicador da Taxa de graduación foi do 70%, algo inferior a taxa de graduación promedia dos másters da USC, que foi do 79,67%.

		2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
T. Rendemento(%)	IN34M	96,29	97,07	96,43	94,90	95,04	92,15
T. Éxito(%)	IN35M	100,00	99,44	100	100	99,26	100
T. Avaliación(%)	IN36M	96,29	97,62	96,43	94,90	95,75	92,15
T. Eficiencia(%)	IN53M	--	100	97,76	96,69	96,60	--
T. Graduación(%)	IN37M	--	--	78,95	83,33	90,00	70

Traballos Fin de Grao/Máster (asignación, supervisión, avaliación)

Despois da actualización, no curso 2019-20, das normativas e rúbricas de avaliación de TFG e TFM, no presente curso 2022-23 continuouse traballando con estas normativas e procedementos. Os datos referentes a xestión, coordinación e avaliación dos TFGs/TFMs atópanse nos informes de resultados de cada título publicados na Web da facultade:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-ciencias/calidad/documentacion-sgc>

Indicadores de satisfacción de Prácticas Externas e Mobilidade

Na seguinte táboa sinálase a evolución dos indicadores de satisfacción a nivel de Centro, relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas.

No último curso pódese apreciar un incremento significativo con respecto aos dous cursos anteriores no número de alumnos recibidos no centro (20-11-0-4-11) e non se dispón do indicador que achegue información sobre o número de estudantes saíntes (IN17C).

Código	Descrición	Curso (2018-2019)	Curso (2019-2020)	Curso (2020-2021)	Curso (2021-2022)	Curso (2022-2023)
IN16C	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	-	-	4,2	-	4,22
IN17C	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,56	-	1,86	-	-
IN18C	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	5,13	3,04	0	0,85	2,06
IN22C	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	97,75	93,51	94,67	88,14	94,87

Polo que respecta a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22C), o valor mantense en torno a un 93% nos últimos cinco cursos académicos. Valor moi aceptable tendo en conta que no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais as prácticas externas non son obrigatorias.

Os resultados dos indicadores de satisfacción relativos á mobilidade e prácticas externas recóllense a nivel de título e preséntanse a continuación para cada unha das titulacións que se imparten no centro.

Análise das enquisas de satisfacción de Prácticas Externas e Mobilidade.

✧ Grao en Bioquímica

O curso 2022-23 foi o terceiro da implantación do grao en Bioquímica na USC e non se dispón de datos que permitan facer unha análise sobre este aspecto do título.

✧ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

No curso 2022-2023, no GEPQI tivemos dous estudantes saíntes co programa SICUE e outros dous no programa ERASMUS, a valoración global da experiencia por parte dos estudantes saíntes é de 4,35 sobre 5 (2502236_INF04_2022_2023) cunha participación do 75%.

Con respecto ás prácticas externas, o 83,33% dos estudantes realizaron prácticas externas (IN22G). Dos informes de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas (2502236_INF.06_2022-2023) extraese que quedan satisfeitos cunha valoración global de 4,25 sobre 5. O IN19G, Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, é de 4,19.

Dos títulos profesionais de prácticas externas hai unha participación do 22,22% (2502236_INF.07_2022-2023), cun IN20G de 3,83. Sen embargo, os títulos académicos indican un grao de satisfacción coas prácticas externas dun 4,63 sobre 5 (IN21G) (2502236_INF.08_2022_2023).

**Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas
Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**

Prácticas Grao RD 1393/2007

Curso académico	2022/2023			
Pregunta	Media			
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	4.25			
A duración das prácticas foi axeitada	4.25			
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	4.50			
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	4.50			
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	3.50			
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	3.50			
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	4.50			
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	4.50			
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	4.25			
Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	N/A	4.25	4.33	4.19
Participación 2022-2023				33,33 %

Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Prácticas Grao RD 1393/2007

Curso académico	2022/2023
Pregunta	Media
A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades do/da alumno/a e da institución/empresa?	4.67
Mantiven unha boa comunicación e coordinación coa institución/empresa e os responsables profesionais?	4.33
As competencias profesionais previas do alumno/a eran as axeitadas para a praza ofertada?	4.67
Considero que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral?	4.67
O desempeño xeral do/da alumno/a foi axeitado?	4.67
Estiven atento/a ás necesidades do/a tutorando/a e mantiven unha comunicación axeitada con el/ela?	4.67
Indique o seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/ra académico/a das prácticas externas (volumen, dificultade das mesmas, etc.)?	4.67
A organización e o desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada?	4.67

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	N/A	4.73	4.66	4.63

Participación 2022-2023

100%

✧ **Grao en Nutrición Humana e Dietética**

No momento de redactar este informe non temos aínda os datos correspondentes á satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas no curso 2022-23, polo que non é posible valorar este ítem, aínda que si temos datos relativos á satisfacción dos titores externos (4,45), que se manteñen na liña de cursos anteriores e da media quinquenal.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	Media 5a
IN19G Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	4,06	-	3,81	-	3,95	3,94
IN20G Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	4,08	-	-	4,86	4,45	4,46
IN21G Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,13	-	4,53	-	-	4,33

Durante o curso 2022-2023 a porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G) foi de 4,39, sensiblemente superior ao do curso anterior (0,93), dato que apunta un retorno aos valores habituais pre-pandemia (4,65 no curso 2019-20).

Con respecto ao indicador IN17G (porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados) non se nos facilitaron datos posteriores ao curso 2017-18.

No tocante á satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, os datos para o curso 2022-23 reflicten un descenso importante con respecto aos do curso anterior, debido probablemente á incorporación de novas universidades aos programas de intercambio, nas que os nosos alumnos experimentaron problemas ao non impartirse en inglés boa parte das materias.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	Media 5a
IN15G Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	3,40	-	4,51	5,00	3,94	4,21
IN17G % de estudantes enviados pola USC sobre o total de matriculados	-	-	-	-	-	-
IN18G % de estudantes recibidos pola USC sobre o total de matriculados	6,02	4,65	0,00	0,93	4,39	3,20

✧ **Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.**

No curso 2019-20 establecéronse os convenios apropiados con empresas para desenvolver estas no curso seguinte 2020-21. En concreto, o Coordinador do Título, o prof. Carlos Herrero Latorre, e o responsable de prácticas do mesmo, o Prof. Eugenio Fernández Carrasco realizaron as oportunas xestións para formalizar os convenios para a realización de prácticas de alumnos do MEPA con preto de 20 empresas e institucións, entre elas co Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA), que agrupa a máis de 130 empresas agroalimentarias de Galicia. Por elo, o alumnado de segundo curso puido desenvolver as prácticas de maneira axeitada ao abeiro destes convenios. Asemade establecéronse todos os procedementos normativos de xestión das prácticas en empresa: convocatoria, asignación de prazas, procedemento de titoría, presentación do informe do alumno, sistema de cualificación, etc. Todo elo atópase a disposición do alumnado na páxina Web do máster: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/practicas>.

No curso 2022-23, cinco alumnos de segundo curso desenvolveron as prácticas curriculares ao abeiro dos correspondentes convenios nas seguintes empresas e institucións: Innolact S.L. (Quescream), Real Conservera Española S.L., Grupo Profan S.L., Aula de Productos Lácteos, e Laboratorio de Química Supramolecular e Físicoquímica de Coloides (Fac Ciencias, Campus Terra). En todos os casos o alumnado completou os créditos correspondentes a materia de Prácticas en empresa (18 créditos ECTS) e superaron as avaliacións correspondentes, que segundo a normativa de aplicación, levaron a cabo os títulos da empresa e os títulos académicos no ámbito da universidade.

A satisfacción do alumnado cas prácticas externas se resume nos resultados da enquisa correspondente resumidos na Táboa seguinte, e que se recollen no informe 4316983_INF.08_PLN.TCNT.MST.PRA2022_2023. Os resultados amosan un alto grao de satisfacción do alumnado coas prácticas. A enquisa reflicte valores para todos os ítems cuestionados entre 4 e 5, sendo o valor medio 4.5.

Esta conclusión corrobórase polo valor do Indicador IN19M, que rexistra a satisfacción do alumnado coas prácticas externas, e que foi de 4.72 no curso de referencia.

Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de
prácticas externas

Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

Prácticas Máster RD 1393/2007

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media
A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades do/da alumno/a e da institución/empresa?	N/A	N/A	N/A	5.00
Mantiven unha boa comunicación e coordinación coa institución/empresa e os responsables profesionais?	N/A	N/A	N/A	4.00
As competencias profesionais previas do alumno/a eran as axeitadas para a praza ofertada?	N/A	N/A	N/A	5.00
Considero que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral?	N/A	N/A	N/A	5.00
O desempeño xeral do/da alumno/a foi axeitado?	N/A	N/A	N/A	4.00
Estiven atento/a ás necesidades do/a tutorando/a e mantiven unha comunicación axeitada con el/ela?	N/A	N/A	N/A	4.00
Indique o seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/ra académico/a das prácticas externas (volumen, dificultade das mesmas, etc.)?	N/A	N/A	N/A	4.00
A organización e o desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada?	N/A	N/A	N/A	5.00
Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	N/A	N/A	N/A	4.50

A **satisfacción dos titores externos** coas prácticas en empresa se recolle no Informe 4316983_INF07_2022-2023, e se resume na Táboa anterior. Como pode verse, os resultados foron sempre superiores a 4.0. O único valor ao que parecería preciso prestar atención se o MEPA fose a continuar, é a unha mellor adecuación de certos contidos que se imparten no máster ás necesidades das empresas. Polo demais considérase que hai unha axeitada satisfacción dos titores de empresa pois todos eles indican que voltarían a ofertar a praza en prácticas e contratarían ao estudante unha vez finalizadas as prácticas, si houberse lugar. En conxunto a satisfacción dos titores externos coas prácticas académicas foi de 4.78/5 (Ind IN20M), o que se considera moi axeitado.

A **satisfacción dos titores académicos da USC**, neste caso, (o prof. Eugenio Fdez Carrasco, como responsable de prácticas exerceu de titor académico dos cinco alumnos do curso,) non se computou o Indicador IN21M. Non obstante debe sinalarse que o grao de satisfacción por parte do titor en cuestión foi de 4.80/5, o que supón tamén un axeitado valor.

✧ Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

– Satisfacción dos Titores Externos cos programas de prácticas externas:

Os titores profesionais amosan unha satisfacción alta (4.44 sobre 5) no curso 2022-23 que está en liña cos valores medios da Universidade para todos os aspectos avaliados (ver Figura seguinte).

Dado que esta enquisa constitúe en certa medida unha avaliación externa do grao de preparación dos estudantes de máster o resultado é moi satisfactorio. No curso 2019-20 non se puideron realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid, por iso non hai datos.




Figura. Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas.

– Satisfacción dos Titores Académicos cos programas de prácticas externa

A satisfacción dos titores académicos e total nos curso 2018-19 e 2020-21 amósanse na figura seguinte. Neste curso 2022-23 non dispoñemos de datos no momento de realizar esta memoria.




Figura. Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas.

– Satisfacción dos Estudantes cos programas de prácticas externas

No curso 2020-21 o resultado foi moi baixo con un grao de satisfacción medio de 2,33. Pero nos últimos anos este indicador mostra unha tendencia positiva. Neste curso 2022-23, os resultados melloraron subindo a un valor de valoración global de 3,67. O alumnado valorou especialmente ben a información recibida do procedemento das prácticas (4,50) e a orientación prestada polo titor académico da Universidade (4,50).




Figura. Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas.

Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas
Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Prácticas Máster RD 1393/2007

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	N/A	N/A	N/A	4.50
A duración das prácticas foi axeitada	N/A	N/A	N/A	3.00
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	N/A	N/A	N/A	3.50
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	N/A	N/A	N/A	4.00
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	N/A	N/A	N/A	4.00
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	N/A	N/A	N/A	3.50
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	N/A	N/A	N/A	3.00
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	N/A	N/A	N/A	4.50
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	N/A	N/A	N/A	3.00
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	N/A	N/A	4.00	N/A
A duración das prácticas foi axeitada	N/A	N/A	3.00	N/A
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	N/A	N/A	3.50	N/A
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	N/A	N/A	3.25	N/A
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	N/A	N/A	2.75	N/A
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	N/A	N/A	2.50	N/A
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	N/A	N/A	3.00	N/A
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	N/A	N/A	4.00	N/A
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	N/A	N/A	2.75	N/A
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	N/A	2.00	N/A	N/A
A duración das prácticas foi axeitada	N/A	3.50	N/A	N/A

As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	N/A	2.50	N/A	N/A
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	N/A	2.50	N/A	N/A
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	N/A	2.50	N/A	N/A
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	N/A	1.50	N/A	N/A
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	N/A	1.50	N/A	N/A
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	N/A	3.00	N/A	N/A
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	N/A	2.00	N/A	N/A
Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	N/A	2.33	3.05	3.67

Suxestións e reclamacións

De seguido indicamos un resumo das suxestións e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias recibidas na Oficina de Análise de Reclamacións (2022-23) así como outras recibidas na propia Facultade ou noutros servizos da USC, indicando a súa tipoloxía e o seu resultado.

Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) 22-23

Os recursos que se reflicten neste apartado foron recibidos na Oficina de Análise de Reclamacións da USC. Trátase de recursos relacionados cos procesos de Xestión Académica, certificados, etc., que son os que serven de base á medición dos indicadores de calidade, e que resultan necesarios para o seguimento e renovación do sistema de Xestión de Calidade do que dispón a área académica da USC.

O número de reclamacións, recursos, queixas e suxestións presentados adoita ser pequeno. No curso 2022-23 foi de 2 recursos e 3 reclamacións que se resumen a continuación:

- 2 recursos:
 - 1 no GEPQI estimado, relacionado coa convocatoria fin de carreira
 - 1 no GNHD desestimado, relacionado coa modificación de matrícula.
- 3 reclamacións (queixas):
 - 1 no GEPQI estimada, relacionada coa docencia.
 - 2 no GNHD estimadas, relacionadas co servizo de Biblioteca Universitaria.

Ademais das recollidas pola Oficina de Análise e Reclamacións da USC que se acaban de sinalar, no curso 2022-23 recibíronse tamén as seguintes suxestións e reclamacións:

- Facultade de Ciencias:
 - 1 no MINSTA desestimada, relacionada coas prácticas externas.
 - 1 no GEPQI estimada, relacionada coa docencia.
- Servizo de Xestión Académica: 1 no MINSTA desestimada, relacionada coas prácticas externas.
- Valedor da Comunidade Universitaria: 2 no GEPQI, unha do estudantado relacionada coa docencia e outra do profesorado relacionada coa conciliación.

Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-23

No plan de melloras correspondente ao curso 2022-23 non se propuxeron accións relacionadas con esta directriz.

Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24

Derivado das propostas das Comisións de Grao de acordo co sinalado nos informes de resultados 2022-23 en relación a baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e seguindo a recomendación **RE 3.1** recollida no Informe Provisional elaborado pola Comisión Externa encargada de avaliar a **Renovación da Certificación de Implantación do SGC**, a Comisión de Calidade do Centro propón unha acción de mellora para tomar medidas efectivas con continuidade no tempo, polo que deberán ser contempladas como accións estratéxicas e polo tanto, recollidas na elaboración do Plan Estratéxico da Facultade.

- **AMF2324-2.-** Contemplan como accións estratéxicas, con continuidade no tempo, a planificación e realización de actividades que fomenten a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.

A información completa das accións de mellora amósase no apartado 3 do presente documento, Plan de Melloras do centro.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Durante o curso 2022-23, de acordo coas normativas e procedementos da USC, mantívose a adecuación das plantillas de PDI responsable de impartir as materias en cada unha das titulacións do centro, segundo foi indicado nas memorias de verificación dos títulos.

Na táboa seguinte sinálase a evolución dos indicadores relacionados con esta directriz Fides-Audit correspondentes ao curso 2023-23 e a súa evolución respecto dos catro cursos académicos anteriores.

Código	Descrición	Curso (2018-2019)	Curso (2019-2020)	Curso (2020-2021)	Curso (2021-2022)	Curso (2022-2023)
IN24C	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	92,11	92,65	89,93	90,78	95,89
IN25C	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	90,98	91,14	90,51	92,73	94,94
IN26C	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	65,56	66,24	70,25	72,73	72,47
IN30C	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	-	-	-	-	-
IN31C	Media de alumnos por grupo de teoría	-	-	-	-	-
IN32C	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	20,03	18,68	20,31	20,08	21,10
IN49C	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	4,12	5,0	5	4,80	4,71

No curso 2022-2023, de maneira xeral obsérvase que os valores dos indicadores relativos ao PDI (IN24C e IN25C) aumentan con claridade e o indicador IN26C mantense nun valor similar ao do curso pasado. Non obstante, estes valores non teñen en conta as diferenzas de capacidade docente das áreas: mentres unhas son excedentarias outras teñen os recursos xustos para desenvolver o seu traballo. Situación que pode complicarse no momento en que se produce unha baixa por enfermidade.

A media de alumnos por grupo de docencia interactiva sufriu moi leves variación nos cinco últimos cursos académicos resultando unha media de 20,04 alumnos por grupo para a docencia interactiva (IN32C). Estes valores resultan pouco menos que excelentes para grupos de traballo dende un punto de vista docente. A universidade non subministra os valores dos indicadores IN30C e IN31C dende o curso 2015-16 e 2017-18 respectivamente.

Con respecto ao persoal de apoio á docencia (Informe E-16), no curso 2021-22 dispoñemos dunha plantilla de 10 membros co apoio dun técnico informático adscrito á área ATIC da USC organizados para a realización de tódalas tarefas de administración, servizos, e apoio á docencia e á investigación. A pesares de que a plantilla é suficiente para desenvolver con eficacia todo o traballo, algúns postos son demasiado específicos en canto as súas funcións polo que en caso de baixas prolongadas o persoal substituto debe pasar por un período de adaptación ao posto o que pode afectar ao rendemento do mesmo.

En canto a satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo desenvolvido (IN49C), cabe sinalar que a participación nas enquisas foi do 100% cun resultado de 4,71 sobre un máximo de 5.

Actividade investigadora.

No curso 2022-2023, a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (IN24C) foi dun 95,89 %, observándose un aumento con respecto aos cursos anteriores. Este indicador calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nas cinco titulacións do Centro sen ter en conta o profesorado de áreas externas nin o profesorado que unicamente dirixe traballos académicos.

Mobilidade PDI

A porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado que participa na docencia dos graos do centro tivo un valor de 1,63 (obtido a partir do Informe I-10).

Formación de PDI e de PAS. Indicadores de satisfacción

Polo que respecta a satisfacción coas actividades formativas desenvolvidas do PDI (4,59 sobre 5; **Informe 10**) e do PAS (8,27 sobre 10; **Informe 11**) cabe indicar que aínda que presentan valores elevados e do mesmo orde que o ano anterior, estes corresponden a enquisas realizadas para todo o persoal da USC e non están desagregados por titulacións nin por centros.

A porcentaxe de participación do PDI do centro nos plans de formación aumenta respecto ao ano anterior (14,76%) sendo a media de tódalas titulacións dun 25,96%. Por outra banda, a porcentaxe de participación do PAS foi do 80% sendo moi superior á participación do curso anterior (66,67%) (**Informe I6-I7**).

Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso 2022-2023

No Plan de melloras correspondente ao curso 2022-23 non se propuxeron accións relacionadas con esta directriz.

Formulación de accións de mellora para o curso 2023-24

A Comisión de Calidade acordou non propoñer para o curso 2023-24 accións de mellora relacionadas con esta directriz.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Recursos materiais

Tódolos anos o Centro solicita axudas que posibiliten a mellora dalgúns dos recursos e servizos necesarios para o desenvolvemento axeitado dos programas formativos. Debido a isto e tendo en conta os orzamentos do Centro e os financiamentos externos que se poidan conseguir, a Comisión de Calidade do Centro formula anualmente algunha acción de mellora que permiten acadar unha mellora na calidade dos recursos materiais e servizos ofrecidos pola Facultade co fin de continuar desenvolvemento unha labor docente axeitada en tódalas titulacións.

Froito desas accións, en cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestruturas e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación. Do mesmo xeito tamén se continua coa adquisición de equipamento e infraestruturas docentes no marco do Convenio de financiamento da Xunta de Galicia nas Facultades e Centros de SUG

Durante os últimos cursos (2021-22 e 2022-23) a Facultade de Ciencias levou a cabo accións de mellora (**AMF2122-8 e AMF2223-2**) na que se incluíu a instalación de novas infraestruturas, así como á adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución. A acción **AMF2223-2** coméntase con mais detalle no apartado 3 do presente documento.

Servizos de acollida, apoio e orientación académica e profesional

